

Tradición e cultura unidas

Sarria conta con asociacións que foron medrando cos anos ata ter unha forte participación cultural



A vila de Sarria destaca pola súa actividade cultural, especialmente a do baile e da música tradicional e son moitas as asociacións que conviven na zona e organizan un sinfín de festas dende fai moitos anos, pois levan varias xeracións existindo e durante moitos anos en continuo crecemento. Sen embargo, malia que continúan coas súas actividades, os costumes e os pasatempos mudaron co paso dos anos e algunhas destas asociacións perderon socios pero seguen involucradas co seu facer. A súa finalidade segue estando clara, manter, divulgar as tradicións e realizar eventos lúdicos. **Pax. 2-3**

sarria. Continúan os avances na ampliación do polígono de Morelle. **Pax. 8**

O incio. Aprobada a revisión do Plan Xeral municipal. **Pax. 12**

paradela. O cemiterio conta cunha placa que dá valor á lingua galega. **Pax. 12**

samos. Restaurarán o tellado da Biblioteca e rematan obras viais. **Pax. 13**

triacastela. O Terremoto Club promove a práctica do enduro. **Pax. 14**

láncara. Entrega do premio Ramón Piñeiro ao grupo Luar na Lubre. **Pax. 16**

páramo. Séguese a traballar na ruta da Torre Medieval de Barreira. **Pax. 16**

Novas xornadas micolóxicas




A asociación A Muiñeira de Sarria xa ten data. **Pax. 7**

Seguen as actuacións na vila



Sr Salvaje ofrecerá unha noite chea de ritmo. **Pax. 9**

Xantar no Mercado Gandeiro



O SD Paradela volve celebrar o día do socio. **Pax. 23**

A Deputación esixe á xunta realizar as obras pendentes

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia a dotación de fondos económicos e un plan de execución para os proxectos pendentes. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de outubro tras unha

proposta presentada polo Goberno provincial. A institución provincial reclámalle ao Executivo autonómico que se acaden niveis de compromiso coa provincia e se fixen dotacións orzamentarias. **Pax. 18**

GASOLEOS RUXIDOIRA S.L.
Distribución a Domicilio: Automoción, Agrícola y Calefacción

SERVIMOS EN 24/48 HORAS
Tfno. para pedidos 982 541 308
Móvil: 679 489 663
info@ruxidoira.es
Ctra. Pacios a Treboelle s/n
Paradela

A FONDO

Vila de profundas raíces galegas

Sarria conta cunha forte vinculación coa música e cultura autóctona a través dun grupo de asociacións de fonda tradición

Sarria é unha vila na que sempre destacou a actividade cultural, especialmente, do baile e da música tradicional de Galicia. Son moitas as asociacións que existen e que continúan perdurando no tempo a través de actividades e de festexos tradicionais que se celebran. Sen embargo e, a pesares de que seguen participando un número importante de persoas e de que continúan coa actividade, os costumes e os pasatempos cambian co paso dos anos e algunhas destas asociacións culturais son menos relevantes ca o eran anteriormente.

Certo é que outras, foron evolucionando positivamente e crecendo co paso dos anos, chegando a ter unha gran cantidade de participantes e realizando numerosas actividades e eventos. Ademais, a pesar da situación sanitaria de pandemia e das restricións realizadas, todas as asociacións de divulgación de tradición galega continúan activas e están a retomar a normalidade paseniñamente.

Así pois, o crecemento destas sociedades é unha cuestión que pode vir dada pola pequena variación en canto a poboación que sufriu Sarria. A diferenza do rural galego e de moitos concellos nos que a poboación baixou dunha forma especialmente rápida, Sarria, segundo o Instituto Nacional de Estadística, mantivo os seus números e, de feito, aumentou en relación á poboación rexistrada no ano 1996 -en algo máis de 300 persoas-.

Non poden dicir o mesmo os concellos da súa contorna coma Triacastela, O Páramo, Lánacara, dos que a súa poboación baixou, aínda que en menor medida que en Paradela -onde baixou en algo máis de 1.000 persoas en relación



a 1996-, en Samos -que baixou sobre 1.000 persoas respecto a 1996- ou no Incio, onde se rexistraron 1.200 persoas menos ca en 1996.

Así pois, nesas zonas a caída de asociacións e eventos culturais sobre a tradición e cultura galega foi importante xa que poucas son as que se mantiveron e as que continúan activas na actualidade. Unha que se pode destacar neste caso é a Asociación Cultural Val de Lánacara, creada en 1992 e na que se renovou recentemente a directiva por gran parte da xuventude da vila de Lánacara. Esta, realiza diferentes actividades e conta tamén con clases de música -gaita, tambor e bombo-, baile e pandeireta e canto tradicional, que teñen coma obxectivo divulgar e manter a música e o baile tradicional galego.

Sarria conta, principalmente, con catro asociacións culturais nas que se tratan valores tradicionais da zona e das que, tres delas, son asociacións que levan varias xeracións existindo e dando alternativas culturais á vila.

MEIGAS E TRASGOS. Unha delas é a Asociación Cultural Meigas e Trasgos, unha asociación que naceu sobre o ano 1968 e que promove actividades de tipo folclórico. Sen embargo, Meigas e Trasgos estivo, aproximadamente, uns dez anos parada a causa de que ninguén quería coller as rendas. Ao fin e ao cabo, ser presidente ou presidenta ou estar na directiva dunha asociación de este tipo, ocupa moito tempo do que, moitas veces, non se dispón. Así pois, despois de este tempo algo parada, cunha actividade mínima, coas instalacións en mal estado e con facturas sen pagar, conseguíuse reflotala e volvela a pór en funcionamento chegando a alcanzar os 170 socios aproximadamente. Ademais, un socio non é o equivalente a unha persoa xa que, nesta asociación, coma noutras de Sarria, os socios constitúen unha unidade familiar, polo que, detrás de cada socio pode haber varias persoas.

Así pois, a teima dun grupo de persoas que viviron dende moi novos a asociación e da que con-

sideran que foi participe a maior parte da xuventude de Sarria, lograron sacar cara adiante Meigas e Trasgos para continuar celebrando festas, como o pasado magosto no que houbo música, baile e moitas castañas. Así mesmo, tamén se continúa coas clases de música e baile tradicional para que se sigan ensinando este tipo de actividades que pasan de xeración en xeración e nas que se ofertan clases de baile, de pandeireta, de percusión e de gaita.

O que botan en falta na actualidade é a unión de xente nova con gañas e motivación, que axude e estea disposta a continuar con este legado xa que, segundo din, é importante que veñan novas ideas e que existan cambios xeracionais.

PELERIÑOS. Outra das asociacións típicas desta vila é a Asociación Cultural Peleriños, que naceu no 1996 na vila de Sarria e que, vinte e cinco anos despois, converteuse nun referente da divulgación do folclore tradicional galego. Esta asociación conta con máis de 250 socios que poden gozar das diferentes actividades que se realicen e, por outro lado, son sobre 90 as persoas que compoñen as escolas de música e de baile.

O nome da asociación vén dado polo vínculo que existe entre Sarria e o Camiño de Santiago, así coma pola vocación de continuar levando a cultura tradicional galega polo resto da xeografía nacional e internacional participando de maneira activa en numerosos festivais. Ademais, é unha asociación que non só realiza clases de música e baile tradicionais, senón que organiza obradoiros, charlas, viaxes ou eventos, así coma

actuacións por diferentes lugares. Así mesmo, todos os anos -a excepción de estes dous últimos por causa da situación sanitaria-, a Asociación cultural Peleriños invita a un grupo de fóra de Galicia a súa xuntanza anual para actuar por Sarria e para dar a coñecer a música, o baile e o traxe tradicional de outros lugares.

As principais asociacións da vila son Meigas e Trasgos, Peleriños, Rúa da Música e La Unión

Este ano, pola súa beira, xa comezaron co novo curso 2021-2022, no que se ofertan clases de canto e pandeireta, baile para adultos, gaita e percusión para adultos, música tradicional infantil e baile infantil; en diferentes días e horas para que todas as persoas que o desexen e estean interesadas, poidan participar nestas xornadas.

RÚA DA MÚSICA. Por outra beira, atópase a asociación de creación máis recente pero cunha boa acollida a causa da tradición musical que existe na vila. Esta é a única mencionada na que non está presente o baile e música tradicional, xa que está dedicada a unha rama da música máis moderna. Esta é a Asociación Cultural Rúa da Música, formada no ano 2012 despois de levar a cabo o festival de música Garitosis. Este é un festival onde se unen

Esther

Café - Restaurante

Platos combinados
Menú del día
Bocadillos
Raciones

COCINA ABIERTA TODO EL DÍA
We serve all day long

COMIDAS POR ENCARGO

Ternera Cachena

Avenida Nueva Castilla 27632 Triacastela - Lugo
Tfnos.: 982 548 455 / 692 150 256 - info@restaurantesther.com

grupos locais da vila de Sarria con grupos de outras partes do mundo para gozar da música e dos diferentes estilos que aporta cada un. Así pois, grupos locais como Malditos Roedores, Proyecto Valley, Flying Boogaloos ou Louband son algúns dos que participaron neste festival que cumpre no 2022, o seu décimo aniversario. Xunto a eles, grupos doutras partes como Five Black Bullets, Man de Santo, Good Luck Charm Band e Tandub OU; chegaron a Sarria en setembro para aportar a súa música nun festival que foi evolucionando a pasos axigantados co paso do tempo.



As asociacións foron crescendo ao longo dos anos chegando a ter unha destacada participación na vida cultural da vila

Destá maneira, a asociación continúa e conta con 82 socios aproximadamente, que empregan o local social da rúa da Música para ensaiar e para seguir co crecemento dun grupo social en Sarria forte que se apoia e no que se comparte a mesma afección.

A UNIÓN. Finalmente, hai que destacar a Sociedade Cultural A Unión, por ser a máis antiga de todas e da que naceron outras como a Asociación cultural Meigas e Trasgos e a Sociedade Deportiva Sarriana. Esta foi o xerme e o impulso de moitas actividades culturais en Sarria, ben a nivel cultural ou a nivel deportivo. Tanto é así, que xa cumpriu 100 anos o pasado ano 2019.

A Unión, ao igual que a sociedade da vila, foi cambiando e evolucionando a medida que pasaban os



Arriba, Pelerriños e Meigas e Trasgos e, abaixo, Rúa da Música e La Unión

anos. Tanto é así, que ao principio, realizábanse sobre todo festas e, na actualidade, a oferta cultural aumentou ofrecendo diferentes clases -ioga, bailes de salón, pilates-, un club de billar, un grupo de cantos de taberna, un cine club e conferencias, entre outras. Así mesmo, algo que tamén cambiou a raíz desta nova oferta cultural é o feito de que os socios e as socias acudan con moita frecuencia ao local da Unión. Isto é algo que anteriormente non se facía, sen embargo, grazas as diferentes actividades, eventos e alternativas de entretimentos, a xente anímase a ir a ese espazo.

Así mesmo, as instalacións contiñúan mellorando e aumentando, como é o caso da biblioteca. Antigamente, sobre o ano 2008, non existía a biblioteca e tan só había unha serie de libros algo mal organizados. A partir dese ano e do cambio de directiva, fíxose unha biblioteca e comezaron a expoñer os libros que había e os que a xente ía doando. De feito, chegaron a doar dunha vez ata 2.000 libros que se atopan na actualidade a disposición dos socios e socias que o desexen.

Grazas a todas estas asociacións, a vila de Sarria conta cunha oferta cultural importante xa que, non só dan clases ou aportan locais para

ensañar, senón que ofrecen actuacións, eventos, concertos e actividades para que todos os veciños e veciñas de Sarria e da contorna poidan ser partícipes e gozar de xornadas e citas diferentes e amenas. Así mesmo, nelas búscase que as asociacións non sexan sociedades clasistas, senón que o obxectivo é que sexan lugares e grupos sociais aos que poidan acceder todas aquelas persoas que realmente estean interesadas no que se ofrece e na actividade que se realiza nelas.

De feito, dende a Sociedade Cultural A Unión sinalaron que antigamente, para facerse socio, había que indicar a profesión á que te

dedicabas, unha lista que aínda se conserva e na que se poden ver reflexados multitude de traballos como carpinteiros, reloxeiros, xastres, notarios, ferreiros, avogados, agricultores, xuíces... Un dato curioso no que se pode contemplar que, en todo momento, se buscaba xuntar a todos os veciños e veciñas na asociación.

Por esta razón e, coa finalidade de continuar mantendo e divulgando tradicións da zona, así coma realizar eventos, actividades e actuacións lúdicas, estas asociacións seguen activas e contan con apoios para que isto se conserven durante as máximas xeracións posibles.

Miniaturas
FORTE do FRADE
AGUARDIENTES Y LICORES
(10, 20 cl y 70 cl)

REPRESENTACIONES CABARCOS

TODO EN ALIMENTACIÓN
Refrigerados y Congelados

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com

SARRIA



Continúan os avances na ampliación do polígono de Morelle en Sarria

Rematou o proceso de precomercialización das parcelas da segunda fase do polígono empresarial de Morelle. Esta actuación foi demandada en diferentes plenos pola oposición, nos que se pedía a comercialización, venta e posta a disposición de empresas e emprendedores das parcelas industriais da mesma. Desta maneira, varios técnicos da Entidade Estatal do Solo -Sepes-, xunto co alcalde de Sarria, Claudio Garrido, reuníronse con empresarios interesados nestas parcelas para comprobar a viabilidade do proxecto de ampliación deste polígono industrial de Morelle.

Ao final, o proxecto estaría composto por 37 parcelas e o prezo aproximado por metro cadrado sería de 70 euros. Esta cifra non

é definitiva, xa que habería que esperar a que saia a convocatoria pública e, ademais, dependendo do tamaño da parcela o prezo por metro cadrado será menor ou maior. No caso das parcelas pequenas, o prezo aumentará e no caso das parcelas máis grandes, o prezo diminuirá. Sen embargo, para que isto ocorra, os empresarios deberán reservar 70.000 metros cadrados, ou o que é o mesmo, o 50% do terreo dispoñible -o total da superficie son 140.000 metros-. De feito, se se alcanza esta cifra antes do 30 de novembro, o proxecto podería estar listo en dous anos, porque xa se podería sacar a convocatoria pública. Así mesmo, aquelas persoas que reserven parcela, deberán entregar o 25% do importe.

Convocan unha praza de auxiliar administrativo

O Concello de Sarria anunciou a convocatoria de emprego dunha nova praza de técnico medio de xestión de administración xeral, por promoción interna.

A convocatoria e as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) número 229, de data 4 de outubro de 2021, incluída na oferta de emprego do ano 2021, e para prover mediante promoción interna por concurso oposición.

As bases están recollidas no seguinte Boletín Oficial da Provincia, 04/10/2021 [http://](http://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/04-10-2021.pdf#page=11)

www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/04-10-2021.pdf#page=11.

Así mesmo, publicouse un extracto desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia número 212, de data 4 de novembro de 2021.

O prazo para a presentación das solicitudes é de 20 días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE). Os sucesivos anuncios realizaranse na sede electrónica da web municipal: <https://sarria.sedelectronica.es>

Invisten medio millón de euros nas obras de mellora do CAPD

Continúan acometendo melloras no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Sarria por un importe total de case medio millón de euros. Desta maneira, visitouse o complexo para supervisar os traballos que se están a levar a cabo.

Durante o percorrido polas instalacións, o director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fernando González, explicou que acaban de rematar os traballos de acondicionamento da entrada exterior do recinto, nos que se investiron 42.200 euros para rehabilitar por completo o pavimento. A actuación estase a completar co repintado das prazas de aparcamento, tarefa que finalizará nuns días. Tamén están en execución as obras de substitución da cuberta do edificio principal, que previsiblemente terminarán en decembro. Os traballos teñen un orzamento de adjudicación próximo aos 388.000 euros e inclúen a renovación do teito de lousa para incorporar



Visita ao Centro de Atención a Persoas con Discapacidade

unha nova capa de illamento térmico con panéis sándwich.

A intervención afecta a todos os volumes e alturas do inmoble, co obxecto de mellorar as condicións de estanquidade. O mesmo proxecto prevé ademais a renovación da cuberta da pérgola do xardín.

GASTO SOCIAL. Fernando González Abeijón aproveitou a súa visita

para poñer en valor “o traballo que fan a diario os profesionais deste centro”, que conta con 120 prazas. Salióntou que se reforza o gasto social para mellorar a calidade de servizos públicos como o que presta o CAPD de Sarria e así o reflicten os orzamentos da Consellería de Política Social para o vindeiro ano, que destinan 6,1 millóns de euros a obras de mellora en centros residenciais da provincia de Lugo.

O PP non cree prioritario o cambio de nome da rúa Calvo Sotelo

O pasado luns aprobouse pola comisión de protocolo de Sarria o cambio de denominación da rúa Calvo Sotelo polo de rúa da Liberdade. Este acordo ten que ser ratificado polo pleno, que se celebrará o vindeiro xoves 28 de outubro. Pola súa beira, o BNG xunto co PSOE apoiaron esta proposta que xa levaba tempo planteada.

No caso do segundo, a pesar de apoiar esta actuación, tiña outras propostas para denominar a rúa e consideraron que sería preciso a participación cidadá neste proceso.

Sen embargo, dende o Partido Popular non comparten esta actuación xa que “non cremos que sexa agora mesmo unha prioridade para os veciños de Sarria, nin que xurda ningunha inquietude do propio pobo”. De feito, consideran que non é prioritario e que non sae gratis, xa que ten un custo para comercios, autónomos, empresas e familias que se atopan nun momento de crise sanitaria e económica, “sendo Sarria o úni-



Rúa Calvo Sotelo

co Concello da provincia que non aprobou axudas económicas municipais a autónomos, empresas e familias”.

Ademais, dende o PP de Sarria engaden que “non está consensuado na corporación, polo que cada goberno poderá cambiar os nomes das rúas cada catro anos, sen consenso e de conformidade a súa ideoloxía e cor político”. Por estas razóns, dende o Partido Popular de Sarria presentan unha

moción que debaterán no vindeiro pleno e na que defenden non iniciar ningún proceso de cambio de nome da rúa Calvo Sotelo, “por non ser unha necesidade que saia dunha proposta popular, consensuada e urxente, senón máis ben, dunha iniciativa temporal e caduca, que xera inconvenientes, molestias e gastos aos veciños, nun momento pandémico na que autónomos, empresas e familias, están a sufrir unha situación difícil”.

Autorizada a pasarela provisional para reabrir a Ponte Ribeira

Despois de máis de sete anos de loita pola mellora do Concello, a Consellería de Cultura accede a que se leve a cabo a pasarela provisional que permitirá reabrir a ponte.

Esta actuación foi denegada pola Dirección Xeral de Patrimonio no mes de febreiro.

A condición que puxo a organización para acceder nesta ocasión foi que o proxecto final para a recuperación da ponte ten que estar comezado nun prazo máximo de catro anos.

Esta ponte foi derribada no ano 2014 dentro do plan de encauzamento do río.

Esta nova construción consistirá nunha pasarela metálica cunha base de formigón. A circulación será dun único sentido e terá zona peonil. Con esta estrutura búscase mellorar a calidade de



Ponte Ribeira de Sarria

vida dos veciños ao ofrecer rutas alternativas tras os arranxos na rúa Calvo Sotelo.

Tamén se aproveitará para limpar as herbas e eliminar os valados.

A construción, adxudicada des-

de o mes de febreiro conta con 109.000 euros de orzamento provenientes dos fondos da Deputación Provincial.

As obras darán comezo en breve e teñen un prazo de execución de 75 días.


O PP insta á continuidade do SAT da comarca de Sarria

Dende o Partido Popular de Sarria sinalan que levarán ao pleno unha moción na que instan ao goberno local "a garantir a continuidade do servizo de atención temperada da comarca de Sarria, sen interrupción algunha e coas prórrogas legais necesarias que garantan a non interrupción do servizo".

O servizo de atención temperada -SAT-, destinado a familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos, anunciouse en abril do ano pasado, aínda que se implantou recente-

mente "tras unha tardanza desmesurada". Sen embargo, o servizo, según o Partido Popular, remata contractualmente o vindeiro 31 de outubro "sen que ninguén esté a informar ás familias sobre a continuidade do mesmo a través dos mecanismos legais oportunos".

Por esta razón, dende o PP esixirán "a non interrupción deste servizo e a súa prórroga polo prazo máximo legal, xa que o Concello a día de hoxe non aclara os termos as familias".



O coro Sarricanta grava o seu primeiro álbum



Unha actuación do coro Sarricanta

O coro Sarricanta grava un álbum cunha dúcia de temas populares. A agrupación musical aproveita este ano no que está de 20 aniversario para levar a cabo un dos seus maiores proxectos, a gravación do seu propio disco.

Debido á situación pandémica, esta gravación viuse obrigada a pospoñerse ata as datas actuais. Desta situación, os compoñentes do coro sacaron o lado positivo e salientan que o seu disco galego sairá no Ano

Santo Compostelano fomentando a tradición e cultura da nosa terra. Entre as cancións populares deste disco atópanse: O mar enrola na area, Chorima ou Meu amor é mariñeiro. Estas pezas tomarán vida grazas á combinación dunha veintena de voces masculinas e femininas xunto cos instrumentos. O resultado é unha obra que te trasladará a unha xornada festiva e de lecer de carácter popular.

A aula CeMIT oferta catro cursos para este mes de novembro

A CeMIT de Sarria-Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica- oferta diferentes actividades na Casa da Cultura de Sarria.

Actualmente, hai catro cursos dispoñibles novos neste mes de novembro.

Tamén ofertan dende o Concello de Sarria unha actividade de ofi-

mática na nube, que terá lugar ata o 15 de novembro, de 16 a 17 horas.

Así pois, para poder participar nestes cursos é preciso inscribirse na Casa da Cultura de Sarria, situada na rúa Marqués de Ugena s/n, no número de teléfono 982535234 ou no enderezo electrónico cemit.sarria@xunta.gal.

ACTIVA TUS CHAKRAS
conecta con tu cuerpo

7 Chakras - 7 Meses **Clase presencial**

1. Activación preliminar

- Características y funciones
- Flora del Bach
- Geomancia
- Activación de la energía
- Aromaterapia
- Alimentación y salud
- Respiración, yoga y rituales

Noviembre - Mayo
2º sábado de cada mes 10:00 - 14:00h

¡Seguimiento durante todo el curso!

Ikigai
Centro Holístico

696 62 96 96
Av. de Madrid, 42 - Lugo

Muebles Celeiro
EN VILAPEDRE CTRA LU546 KM16 (Sarria-Lugo)

TEL. 982532451 TEL. 625662962
mueblesceleiro@gmail.com

“No 2022 coincidirá o décimo aniversario da asociación, máis o décimo aniversario do festival”

A asociación Rúa da Música organizou citas culturais coma o Garitosis

A Asociación Cultural Rúa da Música é unha asociación dedicada á música que naceu no ano 2012. Sen embargo, xa organizou dende o 2011, o festival Garitosis, un evento celebrado en setembro.

Cando naceu a asociación e por que?

A Asociación naceu no ano 2012, polo que, para o ano que ven, no 2022, cumprimos 10 anos. O colectivo naceu antes, cara o ano 2009 ou 2010, cando alugamos uns locais na rúa da Música para ensaiar. A partir de aí, comezamos a ter un certo movemento social no local e na rúa da Música polo que, en setembro do ano 2011 decidimos facer o primeiro festival de Garitosis, un evento que facemos en setembro todos os anos. Daquelas aínda non estaba constituída a asociación, sen embargo, a raíz do festival e de que comezamos a ver certo movemento entre os músicos da vila, en 2012 decidimos levala a cabo.

Que obxectivos teñen?

A asociación nace coma un local de ensaio para compartir entre os músicos da vila. Sobre todo é para os da rama da música moderna xa que para o clásico está a banda e a escola de música. Por tanto, o principal obxectivo é aglutinar aos músicos de Sarria e ofrecerlles un espazo para ensaiar, material, a posibilidade de tocar todos con todos e de intercambiar esa cultura.

Cantos socios pertencedes á asociación?

Este ano somos 82 socios.

Consideran que hai moita cultura musical en Sarria?

Si, sempre houbo. Tanto pola rama da música moderna, como pola rama da música clásica coma da música tradicional e, de feito, tamén se celebran bastantes festivais.

Os grupos que se atopan na asociación, son todos grupos de Sarria ou hai de outros lugares?

Agora mesmo temos na asociación tres ou catro grupos de fóra. Por exemplo, hai un de Lugo e aproveitan as nosas instalacións, así coma o material que temos para ensaiar. É un aspecto importante porque vemos que tamén estamos dando oportunidades visibles a xente que non é de Sarria. Ademais, si que é certo que a

maioría de grupos de Sarria coma Sound Sisters, Louband, Malditos Roedores, etcétera, saen de aquí.

Por onde soen actuar os grupos da asociación?

En xeral movémonos pola provincia de Lugo e por Galicia aínda que hai grupos como Louband que teñen concertos por fóra. O bo que ten a asociación é que alberga ensaios de grupos de todos os niveis, polo que cada grupo, dende a rúa da Música, pode organizar o seu futuro.

Como viviron os grupos a pandemia?

Mal. A asociación estivo pechada nos primeiros momentos da pandemia porque cando hai ese descoñecemento é difícil, ademais de que non podíamos abrir, nin nos podíamos xuntar. Despois, pouco a pouco empezamos a abrir o local para ensaios dos grupos que realmente están traballando e para que puideran ter ese sitio onde ensaiar e continuar coa súa rutina. Fomos pouco a pouco e, a verdade, non temos queixa. Como local social somos un colectivo forte en Sarria xa que somos bastantes socios, polo que perder non se vai perder aínda que tivésemos que pasar case dous anos

en branco. Actualmente, despois de ter aberto para determinados ensaios que se facían a porta pechada, o local volve a funcionar como local social.

Por outro lado, unha das vertentes culturais que ten a asociación rúa da Música é que adoitábamos traer concertos dende que se iniciou. Agora co tema da pandemia, tivémolo que parar e estámolo retomando pouco a pouco. De feito, temos programado para novembro un concerto de Stephen Dale

O festival naceu no ano 2012 e continuou ata o 2019, cando tivo que parar por mor da pandemia de covid

Petit, un músico de Reino Unido que ven facendo xira por España. Xa estivo no festival de Garitosis no último ano que o puidemos facer, no 2019. Por iso, para abrir o ciclo de concertos o vindeiro 20 de novembro, contamos con el. Anteriormente, os concertos eran abertos para calquera persoa da vila, sen embargo, co tema da pandemia, este concerto será tan



Unha imaxe do festival do 2019

só para os socios.

En canto aos grupos da asociación, están retomando os concertos actualmente?

Os grupos que estamos na asociación si que comezamos a saír, máis ou menos, estes últimos dous meses. Aínda que si que é certo que estamos comezando máis con concertos fóra. Os ensaios de cada banda tamén os seguimos mantendo. No caso dos concertos de outros grupos na asociación é algo que se está retomando pouco a pouco. En canto á planificación cultural, queríamos ter un concerto ao mes de media, como viña sendo máis ou menos habitual. Ademais, xa para o ano que vén, queremos retomar Garitosis e queremos facer unha serie de actividades relacionadas coa conmemoración do décimo aniversario.

En relación ao futuro, cales son os obxectivos e os plans?

Seguir medrando nos mesmos obxectivos que traíamos, é dicir, dando cobertura aos músicos e grupos de Sarria para que se co-

ñezan e para que formen un grupo social forte na vila. Ademais, seguir traendo cultura á vila a través de concertos ou de calquera outro tipo de actividade cultural relacionada co noso ámbito, a música, e cada vez de mellor calidade.

Os grupos e músicos pertencentes á asociación, dedícanse exclusivamente á música ou tan só é un pasatempo?

Na asociación hai de todo porque somos moitos. Hai xente que se dedica profesionalmente á música, sendo mestre ou ensinando e tamén hai xente que o ten coma un hobby. Así mesmo, tamén hai persoas que o teñen coma un segundo traballo ou que, sen tocar nin dedicarse á música, colabora con nós porque é algo que lle gusta e co que disfruta.

Durante cantos anos se celebrou o festival de Garitosis?

O festival Garitosis nace no ano 2011 e, posteriormente faino a asociación, no ano 2012. O festival continuou ata o 2019 e parou a causa da pandemia. Estes dous últimos anos non se celebrou, polo que, no 2022 coincidirá o décimo aniversario da asociación, máis o décimo aniversario do festival.

Adoita ter boa acollida este festival?

Si. De feito, o festival comezámolo a facer na explanada de cemento que hai diante da asociación, alí na rúa da Música. Sen embargo, en poucos anos, o espazo quedouse pequeno e tivémolo que pasar ao Chanto, outro espazo no que non se puido quedar, xa que ao ser un festival no mes de setembro, a temperatura non é moi agradable. Por iso, finalmente, quedou establecido na praza da vila.

Pódese adiantar algo sobre o festival de Garitosis do ano que vén?

Aínda non. Sábese que vai a ser en setembro e que queremos que volva a ser unha Garitosis que lembre a historia da asociación con grupos locais. Aínda que sempre tivemos grupos locais ao longo da traxectoria do festival. Así mesmo, estanse organizando outras actividades e, ata aí podemos ler.



Local do colectivo, centrado na música

A Mancomunidade do Camiño Francés aproba o seu orzamento

A Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés aprobou o seu orzamento para este ano e que supera os 38.000 euros.

Segundo o DOG, Diario Oficial de Galicia, as contas reservan 3.600 euros para persoal e o restante, 34.400 para gastos correntes en bens e servizos así como 400 euros para gastos financeiros. No tocante aos ingresos, prevé 38.087 euros de transferencias correntes.

O orzamento foi somitado a información pública dende fai uns meses polo que aínda esta semana recibiu a luz verde para a súa aprobación ao non recibir ningunha reclamación.

A devantida Mancomunidade está presidida polo alcalde de Sarria, Claudio Garrido, e a rexedora de Triacastela, Olga



Iglesias. A presidencia deste ente público vai rotando por orde alfabético entre os once concellos membros da entidade. A Mancomunidade do Camiño Francés conta cunha traballadora que desenvolve a súa función no Concello que ocupa a presidencia.

O PP sinala a perda dunha nova subvención por parte do Concello



Estado no que se atopa a pista de Albán a Alvaredo

Dende o Partido Popular de Sarria sinalan que Sarria “ven de perder unha nova subvención”. Desta maneira, explican que dende o Concello “renunciaron a subvencións que concedía a Xunta de Galicia aos Concellos Galegos”.

Ademais, enganden que se perderon máis de 27.000 euros pola renuncia “e máis de 54.000 se temos en conta que Sarria tiña de dereito a dúas brigadas. Perdeuse a posibilidade de contratar a 10 mozos ou mozas sarriaos, financiados pola Xunta, nun Concello que temos preto de 1.000 desempregados”.

Por outra beira, defenden que, a causa disto, non se realizaron la-

bores de desbroce e limpeza en espazos públicos que estaban entre as súas funcións “nun estado de silveiras e suciedade en moitos lugares municipais”.

Finalmente, denuncian que se puxo en risco de incendio zonas do concello.

PISTA ALBÁN-ALVAREDO. Por outro lado, dende o PP de Sarria denuncian o estado da pista de Albán a Alvaredo. “Instaremos no Pleno o seu arranxo inmediato antes de que un día haxa un accidente e, de non actuar, defenderíamos denunciar por responsabilidade patrimonial ao Concello antes calquer dano que sufran os veciños”, sinalaron.

Rematan as obras no firme da estrada LU-546



Unha imaxe das obras realizadas

Rematadas as obras de reforzo do firme na LU-546 entre Nadela e Sarria coa mellora da travesía nesta última localidade, que está a ultimar estes días.

Desta maneira, comprobáronse os traballos neste tramo que, segundo se indicou, “melloran a seguridade viaria en pleno casco urbano”. Así mesmo, subliñouse o importante pulo ás comunicacións do municipio que supoñen as reformas desta estrada -que o enlaza coa capital- e da LU-636, que conecta con Becerreá e a saída cara á meseta pola A-6. En total, investíronse 1,3 millóns de euros nestas actuacións acometidas nos últimos meses.

Na mesma liña, indicouse que o obxectivo é que no outono do vindeiro ano se poida poñer en servizo a primeira fase da auto-vía entre Sarria e A Pobra de San Xiao, “grazas a un investimento da Xunta de máis de 25 millóns de euros”. Neste momento está executada ao 58% e os orzamentos para o próximo ano reservan unha partida para redactar o proxecto de desdoblamento do corredor no seguinte tramo, entre A Pobra e Lugo.

ACTUACIÓNS. Tanto na estrada LU-546 como na LU-636 están totalmente rematados os traballos

de regularización e reposición do firme, a falta só dos últimos labores para completar o repintado da sinalización horizontal ou elementos como tapas de rexistro e similares.

A estrada LU-546 (Lugo-Sarria-Monforte) conta cunha intensidade media duns 3.900 vehículos ao día. Nos primeiros 10,6 quilómetros realizáronse fresados localizados e reposición a carril completo con mestura bituminosa cun espesor de 5 centímetros nas zonas máis deformadas. Na travesía de Sarria (entre os puntos quilométricos 23,3 e 24,2) realizouse un fresado de 5 centímetros con reposición do firme a calzada completa, cun espesor de 4 centímetros en todo o ancho da plataforma.


As actuacións na estrada LU-636 leváronse a cabo entre o punto quilométrico 22 e o 31,1, situado á entrada do núcleo de Becerreá. A intervención neste tramo de 9 quilómetros incluíu a reparación das partes deterioradas e a reposición do firme en toda a calzada con tratamento asfáltico e rego de selado. Nos últimos 4 quilómetros, ata acceder á localidade becerreña, aplicouse mestura bituminosa en quente en todo o ancho do carril. Esta estrada rexistra unha intensidade media de circulación inferior aos 1.500 vehículos ao día.

Realizan obras de asfaltado nas rúas da Igrexa e da Esperanza

O Concello de Sarria procedeu ao asfaltado da rúa da Igrexa e da rúa da Esperanza de Oural, o que motivou o corte da rúa e unha reorganización do tráfico. A Policía Local de acordo co CEIP Antonio Fernández López, recolocou a parada de autobuses eventual e estableceron o protocolo para que os nenos e as nenas accedean ao centro con todas as garantías de seguridade. Así mesmo, o día 25 iniciouse o asfaltado das rúas Matías López e Benigno Quiroga. O tempo para a execución das obras foi de 7 días.

Debido a que se procedeu ao corte de vías principais, a Policía Local elaborou un plan alternativo para circular polas rúas de Sarria. Así pois, na Lu-546, entrada Monforte de Lemos a Lugo, desviouse o tráfico pola Rúa Castelao e na Lu-546, entrada Lugo a Monforte de Lemos, pola Rúa Xela Arias e Rúa das Insuas.

Celebran este mes unhas novas xornadas micolóxicas co comezo da tempada de setas



A asociación micolóxica A Muiñeira de Sarria xa ten data para levar a cabo as xornadas micolóxicas, unha das actividades obrigadas no mes de novembro co comezo da tempada de recollida de setas. As saídas ao campo con expertos en cogomelos serán os días 13 e 14 deste mes.

A primeira ruta realizarase en Lán cara e conta coa colaboración da asociación Val de Lán cara. A segunda ruta, se as condicións meteorolóxicas o permiten, será no concello de O Courel.

O punto de saída será o Bar Tino de As Insuas ás 9.30 horas o día 13 e ás 9.00 horas o día 14.

Cada participante deberá levar a súa propia comida e transporte.

O Circuito Amador 2021 aterra en Sarria

A Federación Galega de teatro Aficionado, despois de conseguir o Premio da Cultura Galega 2021 en artes escénicas, achega a Sarria, a través de Rebuldeira Teatro, o circuito Galego de Teatro Amador 2021.

Unha programación que consta de catro funcións teatrais a cargo de sedes de toda Galicia, desta forma estase a promover a mobilidade xeográfica dos grupos dramaturgos. Esta cita extenderase durante todo

o mes de novembro na Casa da Cultura de Sarria ás 19.30 horas. Deu comezo o sábado 6 coa función Xacovedra da man de Andaraina Teatro.

A programación continuará o sábado 13 con Rutinas de Max Teatro, o domingo 14 será a quenda da obra Nadal na casa dos Lamelo casa a cargo de Achado Teatro, e xa por último o sábado 20 Hipócrata teatro representará Casting.

“Cando infiltras a vida artística coa cotiá, ambas se enriquecen”

Jesús Otero Yglesias é un artista lucense con ampla experiencia en salas de exposicións e que nos revela a súa experiencia e a súa evolución artística

Dende cando empezou no mundo da pintura?

Dende moi novo tiven interese. Eu empecei a facer cousas que podían ter certo talento artístico dende moi pequeno, sen embargo, eu non o entendía coma unha práctica artística senón coma unha labor de investigación do que había no mundo. Isto é algo que me ven de familia, xa que veño dunha familia máis de aldea, onde se busca e se intenta amañar todo. Eu vivín no medio de ese ambiente versátil de moita curiosidade e foime calando. Quizá, a miña primeira iniciativa foi a ciencia e a investigación científica pero co paso dos anos, funme arriando máis ao artístico. Ao final foi un proceso de anos.

Como considera que evolucionou a nivel artístico?

Fun evolucionando porque vas coñecendo xente moi distinta ao longo da túa vida e entrando en contacto con moitas cousas diferentes. Quizá, esa curiosidade omnívora que tiña dende pequeno se mantén tamén na idade adulta. Chegou un momento no que pensei que a práctica artística non tiña que estar illada de todas as outras cousas que vas coñecendo e coas que entras en contacto e foi aí, cando fun incorporando lecturas, a miña vida cotiá e outras cuestións. Iso lévate a que quizás, a linguaxe da pintura non che chegue de todo para o que queres facer, aínda que considero que esta linguaxe pode dar conta practicamente de toda a experiencia humana en toda a súa complexidade. Sen embargo, fun evolucionando e fun derivando á instalación. Isto é cando fas cousas que teñen que ver máis coa arquitectura e de facer uso de todo o espazo, empregando luces, outros materiais... Por poñer un exemplo, no ano 2018 fixen unha exposición no MIHL. Este é un espazo bastante raro porque é moi longo. Tiña a opción de colgar cadros, sen embargo, pensei que podía facer uso de esas paredes tan longas e simplemente fixen unha pintura nun rolo de cartón que ocupaba toda a parede. Tamén se trata de facer exposicións que se parezan máis á vida cotiá dun individuo que está rodeado sempre de obxectos moi diversos. Os artistas traballamos máis desta maneira, buscando que o visitante teña unha inmersión máis complexa de obxectos e de experiencias.

Entón, considera que ten multitude de influencias?

Si. A deriva que foi levando o arte moderno foi de ir achegando cada vez máis a esfera artística da vida cotiá. Eu aprendín e traballo sobre iso. Confúndese a vida privada da vida artística e en realidade ven a ser o mesmo e, canto máis se xuntan, curiosamente, mellor funciona todo xa que tes máis fontes ás que recorrer para o teu traballo, tes máis proximidade coa vida dos demais e vólveste máis humano. Cando infiltras a vida artística coa cotiá, ambas se enriquecen e a xente crece mutuamente.

Recentemente, expuxo en Sarria a mostra *Tras as montañas*, como describiría esa exposición?

Resultábame un espazo difícil e peculiar porque, das catro paredes, aproveitamento real tan só tiña unha e un anaco de outra, xa que o resto son ventás. Falamos dun espazo que ten oito ventás de madeira, grandes e bonitas, onde quedan espazos estreitos entre elas. Sen embargo, para traballar nun lugar de exposicións buscas que exista o menor ruído posible, denominando ruído a todos aqueles obxectos ou elementos que poida haber na sala, como radiadores, lámpadas ou, coma neste caso, ventás. Canta máis limpeza, mellor xa que a percepción do visitante tamén mellora e ve a cousa con máis nitidez. Por iso, despois de darlle moitas voltas, resumín que, como había tantas ventás e con tanto protagonismo, o mellor era cerralas, ter a habitación a escuras e ofrecer algo con luz. Desta maneira, realizaba unha instalación a escuras, algo do que tiña moitas gañas. Colguei unha lámpada no medio e despois preparei no taller unhas figuriñas recortadas en chapa de cinc, que mesturaban cousas da actualidade con formas que apareceron nas miñas pinturas ao longo do tempo, coma por exemplo, un home-árbore. Ao final, foron

sobre 35 chapas que xuntei de tal forma que se relacionaran un pouco entre si, colgadas ao redor da lámpada e que proxectaban as sombras sobre a parede.

Ten algún proxecto a curto ou a longo prazo?

Agora mesmo, pasoume coma me imaxino que lle pasou a moitos compañeiros meus do gremio que, coa pandemia, adiaron moitos proxectos. Proximamente, vou ter un na sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo e penso que será en xaneiro ou febreiro. Quixen expoñer aí porque é un espazo raro e difícil e, a miña idea, é empregar as sete columnas que hai.

Viaxou a diferentes lugares a nivel internacional, como conseguiu esas experiencias?

Un dos meus maiores esforzos dende o principio foi o de intentar proxectarme non só localmente, que é moi agradable porque hai un contacto máis humano, senón tamén de forma nacional e internacional. O mercado funciona así. Eu mandei proxectos a moitos sitios dende un primeiro momento. Fixen un traballo moi intenso niso, pero con pobres resultados. Sen embargo, de eses resultados si saíu algunha cousa e puideron participar en algunha exposición e Italia, Francia, Polonia... e conseguín estar en Bélxica durante un ano, algo que me abriu máis portas. Por iso, é algo que forma do meu traballo, realizar proxectos e envialos a convocatorias a nivel internacional, aínda que sexa complicado. Ademais, con isto, mellora o teu traballo, a túa linguaxe e queda a obra como proxecto.

Que diferenzas pode haber de como se vive o arte en outros países de Europa en relación a Galicia?

Eu diría que, sobre todo, no respecto. Tanto polo traballo do artista



como polo resultado do seu traballo. Aquí desmóntanse moitas obras e é un traballo no que hai mofas. Hai esa falta de respecto que, cando andas por fóra, non percibes desa maneira. Tamén te admiten máis polo que fas que polo currículo que tes.

Cal foi o lugar onde máis lle gustou expoñer?

Destacaría dous. Por un lado, o Espai Cúbic na Fundación Pilar y Joan Miró en Mallorca, en 2004. Ata aquel momento, facía pintura exclusivamente, sen embargo, ao ver o enorme espazo que era, ocorrémese a idea de colocar espellos en lugar de cadros, retomando a idea dos gabinetes de pinturas do século XV e XVI en Europa, que enchían habitacións enteiras de cadros, de arriba a abaixo. O que se me ocorreu foi encher o espazo pero, en lugar de cadros, de espellos. Isto facía que se ampliara e deformara o espazo, facendo cousas curiosas. Nese momento, traballei co espazo e non coa representación da pintura, algo que resultou peculiar, máxico e sorprendente. A partir diso, que saíu ben, din o paso da pintura á instalación de gran formato. Por outro lado, outro momento crucial, considero que foi no 2018, na sala Alterarte do campus da Universidade de Ourense. Este é un espazo pequeno que non ten nada que ver co primeiro. Nela fixen unha exposición adaptada a ese espazo que se podía

recorrer e visitar. Tratábase de vinte e tantos paos pintados de negro, nos que escribín en branco unha serie de parágrafos dos poemas de Carlos Oroza. Nesta exposición non te poñías diante dunha parede a ver un cadro, senón que quedabas alí metido no medio de todo iso, coma se fora un bosque de versículos. Á xente gustoulle moito e eu quedei moi contento desa mostra. É unha desas exposicións que, aínda que leves a outro sitio, sabes que non vai ser igual xa que está feito exclusivamente para aí.

Hai algún lugar onde non expuxo aínda e quere facelo?

No Centro Galego de Arte Contemporáneo en Santiago de Compostela, aínda que supoño que calquera artista galego quere expoñer alí. Gústanme tamén moito as igrexas e catedrais e, de feito, actualmente teño unha exposición na igrexa de Santa María de Gondar, a través do programa Connexio. Nesta igrexa fixen unha instalación adaptada ao lugar con cruces diversas e con diferentes materiais. Gústanme os espazos “sagrados”, porque teñen outro silencio, outra luz... que axuda en certa medida a certo tipo de obras, que non adoitan ser ruidosas e que están tinguidas de misticismo e de silencio, como as miñas. Aínda que, realmente, a min calquera sitio me interesa porque todos aceptan posibilidades. Hai que ler os espazos.



Imaxes de dúas mostras, en Sarria e Ourense

A Deputación renova a canaleta que atravesaba a rúa Xela Arias

A Deputación de Lugo acomete estes días obras na estrada provincial LU-P-5714 que une Mazadoiro con Lamarrigueira para renovar unha canaleta de auga con reixa que atravesaba a rúa Xela Arias. Uns traballos que teñen un custe de algo máis de 8.500 euros.

Estes labores acométese á altura do punto quilométrico 0,5, na intersección coa rúa Porvir, para demoler a canaleta con reixa existente e colocar unha nova prefabricada de formigón con reixa, conectándoa á rede de pluviais. Á súa vez, repónse a pintura do paso de peóns e todos aqueles servizos que se podían ver afectados polas obras. Debido ao paso do tempo e ao elevado número de vehículos que transitan pola calzada cada día a reixa foise deteriorando. Trátase dun canal que ten 10 metros de lonxitude e que ocupa o ancho da calzada, cunhas dimensións interiores de 35 cm



Obras que realiza a Deputación en Sarria

de ancho e 45 cm de fondo. A previsión é que os traballos queden rematados esta semana.

Esta é unha actuación que se enmarca no traballo constante que a Deputación executa para manter nas mellores condicións posibles o conxunto da rede viaria provincial, que comprende máis de 4.200 quilómetros,

a máis longa de toda España e tres veces maior que a da Xunta en Lugo.

Estes investimentos responden á prioridade do Goberno provincial de mellorar a mobilidade na provincia como un factor que contribúe ao equilibrio territorial e á calidade de vida da cidadanía.

Recuperarán o Mercadillo Quilate o 13 de novembro

O sábado 13 de novembro, Sarria volverá acoller nas súas rúas o Mercadillo Quilate, esta festividade é unha das máis antigas ao celebrarse xa nos anos 90.

A recuperación desta feira supón que a cita se repita cada mes.

O mercadillo especialista en colleccionismo e antigüidades está organizado por coleccionistas e anticuarios da zona contando co apoio do Concello. Habrá preto de 25 postos provenientes de toda Galicia, neles poderase atopar produtos antigos, artigos vintaxe e pequenas reliquias.

Malia que a súa intención é celebrar este mercadillo o primeiro sábado de cada mes a cita en decembro será o día 11. Isto faise para favorecer unha boa convivencia con outras festividades deste estilo que teñen datas próximas ao novo mercadillo de Sarria. O mercadillo será no solar número 24-26 da Rúa Porvir e os postos estarán abertos de 10.00 horas a 17.00 horas.

O Buril volve á actividade tras a pandemia

O coñecido Buril recupera a saúa actividade e faino o sábado 13 de novembro co primeiro concerto que se cancelou debido á situación epidemolóxica.

O rock encabeza as listas de venda oficiais e está máis de moda ca nunca, por iso, o Buril será o escenario escollido polo grupo Sr. Salvaje para ofrecer unha noite chea de ritmo e bo gusto aos sarrianos e sarrianas que busquen despexar e pasar un rato de lecer.

Sr. Salvaje fai un alto na gravación do seu próximo LP para coller ritmo e o calor do público tras a publicación do seu último single: Miss Fortuna.

Guillermo Vistoso (guitarra e voz), Antón Torroncho (baixo) e Emilio Iniesta (batería), son tres personaxes habituais na escena musical galega que conforman este proxecto sen tapuxos, partindo de sons que recordan ao



rock nacional sen esquecer os referentes do Rock americano dos anos 70 e que poderá disfrutarse en Sarria.

A actuación dará comezo as 23.00 horas no Buril e a entrada costará 5 euros.

Rematan as obras de mellora na fachada da praza de Abastos



A praza de Abastos remodelada

A praza de Abastos de Sarria remata as obras de mellora da fachada levadas a cabo polo Concello. Desta maneira, o obxectivo destas obras é que o espazo sexa máis atractivo tanto para comerciantes coma para clientes.

As actuacións incluíron a limpeza e o pintado da parede da fachada e, ademais diso, realizaron recentemente algunhas reformas no interior da edificación. Entre estes traballos

atópanse obras de fontanería e electricidade para acondicionar o novo posto que se vai instalar na praza.

Actualmente, o inmoble conta con tres postos: carnicería, chacinería e tenda de produtos gourmet e unha pescadería, que abriu fai relativamente pouco as súas portas. Sen embargo, aínda hai espazo no interior para máis locais que o Concello quere cubrir.

O grupo Xacobeo organiza unha nova ruta ata Loio

O grupo Xacobeo de Sarria organiza unha nova ruta para dar fin á tempada de sendeirismo o domingo 14. O obxectivo é o de amosar novos camiños e paisaxes aos interesados. A ruta do Loio comeza en Paradela. O camiño iniciará no parque infantil de Ruxidoira e rematará na parroquia de San Juan de Loio.

O recorrido consta de 9 quilómetros sendo a duración do percorrido de tres horas. Esta ruta transcorre polo medio de bosques de carballos e permite admirar un impresionante exemplar milenario, pontes de madeira e pedra, fervezas e muíños. O prezo é de 36 euros incluíndo seguros, comida e transporte. Hai saída dende Sarria e Lugo. A reserva de praza está aberta ata o día 11 de novembro, agás se quedan ocios.



Pola tarde, os participantes da actividade darán un paseo ata Portomarín para coñecer o leito do río, os caneiros e a nova vila.

COMARCA

A UNED de Lugo gaña un ano máis o premio ás Boas Prácticas



O proxecto #LugoNaturalMente, que foi galardoado, é unha iniciativa a prol dun cambio sostible na sociedade luguesa. Dende a UNED de Lugo estase a traballar para transformar a provincia de Lugo nun referente natural poñendo en valor a súa riqueza ambiental.

Outra das apostas dentro deste proxecto é contribuir á loita contra o cambio climático para que o noso legado sexa un planeta mellor para as futuras xeracións. Outra das liñas estratéxicas é exercer como motor de cambio a prol dun modo de vida máis sostible para a sociedade luguesa.

Para rematar, en consonancia coa nosa aposta por xerar sensibilidade cos retos globais, a UNED está implicada na divulgación e consecución da Axenda 2030 da ONU e o seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Algo que se reflicte na canle en liña #PlanetaODS 2.0, onde se aliñan as principais efemérides socioambientais do ano cos obxectivos de desenvolvemento sostible.

Recentemente, foran galardoadas polo observatorio ODS da UNED a nivel nacional, dous proxectos da UNED de Lugo #PlanetaODS 2.0 e Foz 2030.

Concellos da comarca únense á rede DTI

Sarria súmase, do mesmo xeito que o resto dos municipios do Camiño Francés ao seu paso por Galicia, á rede de Destinos Turísticos Intelixentes tras a reunión da súa Comisión Executiva, celebrada en Madrid.

Gobernanza e cooperación público privada, innovación, novas tecnoloxías, sustentabilidade e accesibilidade son os cinco eixos sobre os que vira e vértase a Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, que impulsado pola Secretaría de Estado de Turismo, ten como obxectivos o impulso ao desenvolvemento sostible do turismo, a transformación dixital dos destinos e zonas turísticas e a satisfacción dos turistas ao mesmo tempo que a mellora as condicións de vida da poboación nativa.

Polo seu lado, a Comisión Executiva da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes aprobou a incorporación de 42 novos destinos, co que o número total elévase a 347 membros, dos que 220 son destinos, 50 institucións, 68 empresas colaboradoras e tres observadores.

Así mesmo, a suma dos novos membros converte a Andalucía, con 56 membros, na comunidade



autónoma con máis membros na Rede, representando case unha cuarta parte de todos os destinos presentes. A continuación atópase Canarias con 23 destinos, seguida de Galicia e Castela-León, con 22 membros cada un.

Entre os novos destinos membros da Rede DTI inclúense os concellos de Monterroso, Palas de Rei, Paradel, Pedrafito do Cebreiro, Portomarín, Samos, Sarria, Triacastela e a Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés, entre outros.

Aberto o prazo para participar no programa autonómico Xuntos polo Nadal

Os servizos sociais dos concellos informan e realizan as solicitudes a aquelas persoas interesadas no programa Xuntos polos Nadal. Este é un programa destinado ás persoas maiores que se atopan soas na festividade do Nadal por diferentes circunstancias e que ten como finalidade que pasen estas datas acompañadas doutras persoas coa mesma situación.

Así pois, todos os interesados do Concello do Incio irán á residencia de tempo libre do Carballiño, en Ourense. O programa desenvólvese en dúas quendas; a primeira realizarase entre o 22 e o 29 de decembro de 2021 e a segunda entre o 31 de decembro e o 7 de xaneiro de 2022.

O servizo engloba a estancia na residencia durante oito días, aloxamento en habitacións compartidas e manutención, o desprazamento en autobús e as actividades de animación sociocultural.

A actividade é gratuíta e as persoas interesadas no programa poderán informarse e realizar a solicitude na oficina de servizos sociais do concello ata o día 15 de novembro.

O TSXG anula o acordo para modificar o parque eólico de Oribio

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) acolle o recurso interposto pola Asociación Sociocultural O Iribio e acorda a anulación, por ser desconfirme a dereito, do acordo aprobado polo Consello da Xunta o 27 de xuño de 2019 para a modificación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico de Oribio, situado na Zona Especial de Conservación (ZEC) Os Ancares-O Courel, en Lugo.

A sección terceira da Sala do Contencioso-administrativo deixa sen efecto o contido dese acordo e impón á Administración demandada as costas do xuízo ata un máximo de 1.500 euros. O alto tribunal galego entende que o proxecto 2007-2009, autorizado pola resolución do 31 de maio de 2007, coa Declaración de Impacto Ambiental (DIA) apro-

bada o 12 de agosto de 2005, está caducado, pois non se explotou nin estiveron instalados aeroxeradores. A resolución que o autorizaba indicaba que o promotor tería un prazo de 12 meses contados a partir da data de ocupación dos terreos para a posta en marcha da instalación, indican os xuíces, os cales salientan que non se pode “modificar o que non existe”.

A DIA de 2005, segundo o alto tribunal, resulta “obsoleta para amparar a avaliación ambiental do proxecto modificado de 2018, polos múltiples e variados cambios legislativos e de catalogacións de especial protección do terreo, non podendo entenderse validada por unha prospección vía informes gubernativos”. Contra a resolución cabe presentar recurso.

O Páramo e Paradel reciben unha axuda para un punto limpo móbil

Un total de 17 concellos da provincia de Lugo recibirán este ano axudas por un importe de preto de 660.000 euros para a adquisición de puntos limpos móbiles. Deste xeito, os municipios de As Nogais, Baralla, Folgoso do Courel, Trabada, O Páramo, Begonte, Paradel, Bóveda, Becerreá, Antas de Ulla, Abadín e a agrupación conformada por A Pontenova, Pastoriza, Meira, Riotorto, Pol e Ribeira de Piquín, recibirán unha subvención para a adquisición deste tipo de vehículos cos que garantir a recollida de residuos urbanos.

O Diario Oficial de Galicia publica a resolución coas 23 subvencións outorgadas ao abeiro da convocatoria realizada este ano pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que no conxunto da Comunidade beneficiará a un total de 31 municipios de menos de 3.000 habitantes e coas que

poden cubrir o 100% do custo da compra deste vehículo, ata un máximo de 70.000 euros para unha solicitude individual, mentres que para unha agrupación de varios concellos pode chegar aos 100.000 euros.

Con esta liña de axudas mellórase e amplíase a xestión de residuos especiais de competencia municipal, co fin de favorecer a súa axeitada recollida, clasificación e preparación para a reutilización. De xeito paralelo, tamén se evita a proliferación de puntos de vertido incontrolado nas contornas e espazos naturais.

Os concellos teñen a posibilidade de escoller entre catro modelos de vehículos subvencionables: un contedor/caixa metálica de gran volume —modelo que poderá ser elixido só se a entidade local dispón de camión adaptado con equipo de gancho para a súa



Un dos puntos limpos móbiles

carga e traslado—; un remolque e contedor metálico de gran volume —sempre e cando o concello dispoña dun camión adaptado para a súa carga e traslado—; un camión con caixa e chasis; ou unha furgoneta adaptada con diferentes contedores ou compartimentos.

Así mesmo, con este tipo de incentivos avánzase un paso máis no cumprimento do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2020-2022, que outorga prioridade aos concellos de menos de 3.000 habitantes por ser o punto limpo móbil a opción que mellor se adapta as súas características.

Chega a iniciativa The Escape Way a diferentes concellos

Varios concellos do Camiño Francés da provincia de Lugo presentaron a iniciativa The Escape Way. En concreto os municipios participantes son O Cebreiro, Samos, Triacastela, Paradelá, Portomarín e Monterroso, ao que se une Sarria, e está promovida pola Asociación de Municipios do Camiño de Santiago e conta cunha achega de 7.500 euros.

Estes xogos proveñen dos coñecidos como Escape Room pero, que neste caso, os usuarios non estarán encerrados en ningunha sala, senón que a acción trasládase ás rúas das cidades e pobos do Camiño. Os usuarios deberán percorrer os municipios resolvendo probas, pistas e enigmas aprendendo de paso, dos destinos e do propio Camiño.

Estes xogos teñen elementos dos coñecidos como escape rooms, das yincanas tradicionais e tamén dos geocaching (procura de tesouros mediante GPS), ao final de todos Escape Way os usuarios deberán buscar algo escondido en cada municipio. Se o equipo xogador consegue resolver todos os enigmas, e achar a reliquia, pode volver á oficina de turismo para selar a súa credencial do escapista e coleccionar os selos dos diferentes xogos en municipios que lofre finalizar. Un modelo que fai



clara referencia aos peregrinos que coleccionan os selos das etapas do Camiño ata chegar a Santiago.

Elementos patrimoniais e urbanos servirán como premisas da maioría de pistas/adiviñas do xogo pero desde a Asociación de Municipios do Camiño colocan tamén elementos físicos expresamente diseñados e pensados para estas probas.

Esta iniciativa, impulsada polo Concello de Sarria para formar parte dos municipios xacobeos cun Escape Way, parte da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago (AMCS) con financiamento do Ministerio de Cultura e Deporte, para dar a coñecer dunha forma diferente o Camiño de Santiago e atraer a mozos ao Itinerario Cultural Europeo.

Cada un dos concellos participantes conta co seu propio xogo, dispoñible a través dunha aplicación de descarga gratuita. Conxuga a plataforma tecnolóxica con elementos físicos, de forma que só é posible xogar sobre o terreo. O obxectivo é que os visitantes percorran as rúas e se acheguen ao patrimonio e aos lugares de interese mentres resoven o enigma.

Todos os xogos son distintos, con diferentes probas creadas expresamente con elementos propios do concello, polo que cada caso resulta unha experiencia única. Ofrecen contidos en varios formatos, como vídeos, fotografías, textos, ilustracións ou locucións e están deseñados para unha duración aproximada de entre 40 e 90 minutos.

O servizo ferroviario entre Monforte e Lugo interromperase dous días

O tráfico ferroviario de viaxeiros entre Monforte de Lemos e Lugo verase interrompido os días 20 e 21 de novembro, debido ás obras de mellora emprendidas por Adif neste corredor. Renfe estableceu plans alternativos de transporte por estrada para os viaxeiros afectados.

Adif acometerá durante estes días actuacións en infraestrutura (obras de drenaxe, pasos superiores, noiros de trincheiras e túneles) e vía para permitir a electrificación do tramo entre Monforte de Lemos e Lugo Mercadorías, de 75 km de lonxitude. O corte comezará ás 22:30 horas do venres 19 de novembro e concluirá na madrugada do luns 22, afectando por tanto aos servizos ferroviarios de viaxeiros do sábado 20 e domingo 21 de novembro.

MELLORAS NO TRAXECTO. As actuacións de mellora do tramo en servizo Ourense-Monforte de Lemos-Lugo teñen como obxectivo cumprir os compromisos de Adif coa mellora das condicións de explotación comercial do traxecto, en parámetros tales como a fiabilidade, o confort e



Un tramo da liña ferroviaria entre Monforte e Sarria

os tempos de viaxe.

Entre as principais actuacións previstas, que conlevarán diversos cortes ao tráfico puntuais, atópanse a adaptación da infraestrutura ás novas condicións de explotación, o cambio de electrificación de 3 kV a 25 kV no tramo Ourense-Monforte de Lemos e a electrificación a 25 kV do tramo Monforte de Lemos-Lugo.

Ademais, xa se atopa en servizo desde abril de 2018 a variante da Pobra de San Xiao, entre Monforte de Lemos e Lugo. Entre os principais

beneficios deste novo trazado, dun 7 km de lonxitude, destaca a supresión dos 14 pasos a nivel do anterior trazado, co consecuente aumento da seguridade ferroviaria, viaria e peonil, así como o incremento da velocidade de paso dos trens ata o 160 km/h.

Todas estas obras contribúen á consecución do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) número 9, que ten entre as súas metas desenvolver infraestruturas fiables, sostibles e de calidade.

A covid ameaza con volver estenderse coa chegada do mal tempo

Coa retirada da alerta sanitaria e o alivio da práctica totalidade das restricións, a pandemia da covid dábase por superada, pero nada máis lonxe da realidade. A vacinación funciona pero, como se explicou, non impide o contaxio, senón que os efectos sobre o enfermo sexan moito máis leves ou mesmo non aparezan.

Con esta situación e a baixada da garda, provocou que se estea a producir un novo aumento de contaxios, que non ten correlación coa hospitalización, xa que esta segue cun mínimo de persoas hospitalizadas que non se move malia o aumento de casos.

Este crecemento, de todos os xeitos, é bastante leve aínda, xa que de estar por debaixo de 30 enfer-

mos na provincia agora dobrouse aínda que moi lonxe dos datos de alerta da última vaga.

Polo de pronto, dende o comité clínico avanzaron que se a situación segue a empeorar volverán as restricións, aínda que non deron mostra de cales serán as novas medidas.

Os mellores datos para a provincia estiveron durante o mes de outubro pero xa se prevía un incremento da infección coa chegada do mal tempo. Tamén están a realizar a vacinación da terceira dose naqueles colectivos escollidos pola súa idade ou situación sanitaria.

O uso da máscara segue a ser obrigado en todos os espazos de interior.

O PSOE critica o veto do PP ás medidas propostas para o sector da carne

O portavoz de Agricultura do Grupo Socialista, Martín Seco, lamentou o veto do PP á proposición non de Lei que presentou hoxe na Comisión de Agricultura cunha batería e medidas dirixidas aos gobernos central e autonómico co obxectivo de “salvar ao sector da carne”. Seco lamentou a “obsesión” do PP de sinalar ao goberno de Sánchez para eludir as súas propias responsabilidades ata o punto de rexeitar unha serie de propostas para apoiar ao sector.

A proposta presentada hoxe incluía reclamarlle á Xunta que recupere as axudas directas para o sector da carne e que poña en marcha un observatorio de prezos “para poder estabilizar os mercados e a administración debe velar polo cumprimento de contratos e os prezos aprobados na mesa de negociación”.

O parlamentario socialista deu a voz de alarma pola situación dun sector gravemente afectado pola crise da covid, que pechou canles de distribución como os mercados locais e feiras, unido á caída do consumo de carne polos peches nos restaurantes, a caída do turismo e os cambios nos hábitos de consumo. A día de hoxe os gandeiros están a producir a perdas enfrontados a “un contexto totalmente insoportable e inviable para as ganderías tradicionais”. Denunciou que “a pasividade do goberno galego pode acabar co peche de moitas explotacións, ao negarse

a poñer tódolos recursos necesarios e dispoñibles enriba da mesa para salvar a un sector estratéxico da Galicia”. O sector da gandería está composto por 22.000 explotacións, das cales 11.000 son profesionais, con arredor de 200.000 reses, e dan traballo a 20.000 persoas en Galicia entre produtores, matadoiros, salas de despece ou veterinarios.

Nos últimos 17 anos, o prezo que os gandeiros perciben pola carne que producen aumentou un 12 por cento, mentres o IPC aumentou un 33 por cento e os custos de produción un 38 por cento. Isto supón que, segundo un estudo de Unións Agrarias, producir un quilo de carne custa en torno a 5,5 euros por quilo canal, mentres as liquidacións “en ningún caso superan os 4,8 euros”, e a caída de ingresos do sector ascende aos 18 millóns de euros dende o inicio da pandemia.

Reclamoulle por iso ao goberno galego que reactive a liña de axudas da covid, que era “insuficiente pero necesaria”, ademais de complementar as “insuficientes axudas directas” que permitiu Europa e que deixou a medias. O goberno galego só empregou 7 dos 24 millóns de euros habilitados, que ademais podería complementar con fondos propios, e reivindicou a aposta “por unha gandería extensiva de calidade, incentivar a investigación e a produción con valor engadido”.

O Cemiterio conta cunha placa que dá valor á lingua galega



Inauguración da placa no cemiterio

O cemiterio de San Miguel de Paradela foi o escenario elixido para a colocación dunha placa coa lenda *Na memoria de todas as persoas que xacen aquí*, porque Galicia segue a ter cultura e lingua de seu, promovida polo Concello de Paradela e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Durante o acto visitouse o Panteón de Paradelenses Ilustres, único en Galicia destas características, onde foi enterrado

o escritor Manuel Rodríguez López, Fillo Predilecto de Paradela, a quen se lembra neste lugar cunha placa en galego; así como o nicho no que fican os restos do canteiro Manuel López López O Lagoa, que el mesmo construíu e que tamén está rotulado en galego. Esta conmemoración dálle continuidade á do ano 2019, que se realizou no cemiterio parroquial de San Facundo de Ribas de Miño, tamén en Paradela, o único de Galicia que ten todas as súas lápidas en galego.

A Banda de Música celebrará a súa patroa o 21 de novembro

O día 21 de novembro a Banda de Música de Paradela celebrará a súa patroa Santa Cecilia. Neste día de celebración haberá unha misa en honor aos compositores da banda falecidos. En especial aos fundadores da agrupación, Pedro Rodríguez, Cándido López e ao director durante 26 anos Lino de la Torre Barrio. A misa continuará cunha comida

no Río Loio e, posteriormente, a banda amenizará a tarde cun concerto. Como cada ano, a banda estará acompañada dos socios e amigos. Se algún veciño da zona quere participar na actividade asistindo á comida que se poña en contacto con Roberto ou Marisol a través dos seguintes números de teléfono 626 749 793 (Marisol), 630 766 875 (Roberto).

O sábado haberá magosto popular

O sábado 13, no Mercado Gandeiro de Paradela a Asociación de Mulleres Rurais local organiza un magosto popular. A actividade dará comezo ás 22.00 horas e contará con cea e baile amenizado polo Dúo estrelas. Precísase inscrición previa. Para socias da asociación a entrada

será de balde e poderán apuntarse mediante o whatsapp. Aqueles interesados que non sexan socios poden pagar 15 euros para desfrutar desta xornada de lecer. As inscricións poden realizarse nos teléfonos de contacto: 669 849 518 (Mila) e 649 240 466 (Rocío).

Programan a celebración do primeiro bicentenario da vila

O Concello de Paradela vai celebrar durante o próximo 2022 o seu primeiro bicentenario.

Paradela naceu como concello en 1820, pero a celebración dos seus douscentos anos foi adiada polo problema da covid19 ata o momento en que puidese celebrarse con maior liberdade, e así en 2022, coas favorables perspectivas sanitarias, estímase o momento axeitado para diversas celebracións que son obxecto de estudo nestes momentos.

Segundo informa o historiador Xaime Félix López Arias, Arlindo, que foi Cronista Oficial de Sarria, en 1820, dentro do Partido xudicial de Sarria constituíronse un to-



Unha vista de Paradela

tal de 13 concellos dentro da provincia única de Galicia e en 1822 integrados na provincia de Lugo, dos que na actualidade perviven os de Sarria, Lán cara, Samos, O

Incio e Paradela.

Estase, na actualidade, confeccionando o logotipo que identificará as diversas actividades desta especial conmemoración.

o incio

Aprobada a revisión do PXOM

No último pleno celebrado no Concello de O Incio aprobouse de modo provisional unha nova revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, polo que o seguinte paso será envaloralo á Xunta para que autorice a reforma.

Xa fai 10 anos que comezou a revisarse este documento para minimizar o chán urbano e reducir así as cantidades de Ibi que pagan os veciños da zona despois da subida efectuada tras a regulación catastral que elevou o valor das fincas e terreos.



Unha vista de Cruz do Incio

Comezará o obradoiro de emprego

O Concello de Bóveda acolleu a presentación do obradoiro dual de emprego Bóveda, O Incio e A Pobra do Brollón. O promotor é o de Bóveda, que asinou convenio coa Pobra do Brollón e O Incio, conforme á Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, que regula os requisitos para a selección do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego.

Os alumnos e alumnas formaranse en dúas especialidades formativas: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, que será de 7 alumnos/as e que se reali-



zará na Pobra do Brollón e, por outro lado, instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes, que ten unha oferta de 13 alumnos/as e que se levará a cabo nos Concellos de Bóveda

e O Incio. A duración do obradoiro será de nove meses a xornada completa. As datas previstas son dende o 15 de outubro de 2021 ata o 14 de xullo de 2022.

O Concello quiere fomentar o turismo con melloras na vila

O Concello de Samos quiere fomentar o turismo a través dunha mellora na entrada do Camiño de Santiago. Isto supón a construción dunha praza na vila. A obra realizárase na rúa Fontao preto da casa consistoral.

A construción desta praza enmárcase nun proxecto maior que tamén inclúe unha pasarela sobre o río Oribio e a adecuación dunha finca ao leito do mesmo para que a contorna sexa máis acolledora, promovendo que os turistas e peregrinos gocen dunha paisaxe natural.

300.000 euros sería o custe final que se estima deste proxecto que xa foi remitido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



Unha vista aérea de Samos



Arriba, o Banco do Peregrino amañado e, abaixo, a biblioteca

García asume a coordinación política coas agrupacións locais do PP

O viceceiro do Grupo Provincial do PP, José Antonio García, comezará a desenvolver tarefas de coordinación e asistencia política-técnico-administrativa ás agrupacións locais, dentro do Comité Executivo que preside Elena Candia. Deste xeito, o popular ven de renunciar no día de onte á acta de deputado provincial para dedicarse a este cometido, que será clave de cara ás vindeiras eleccións municipais.

Desta maneira, será o portavoz do partido en Samos, José Fernández, quen asuma este compromiso e releve na metade do mandato ao sarriao José Antonio García.

A presidenta provincial deposita así no sarriao a súa "máxima confianza", pois a nova responsabilidade

que asume conleva unha importante dedicación e carga de traballo. Neste senso, José Antonio García agradece á dirixente provincial o apoio depositado na súa persoa, abríndose con elo unha nova etapa para o viceceiro na Deputación. "É unha nova tarefa coa que me comprometo, e fágoo ilusionado. Pretendo ser o enlace que precisan sobre todo aquelas agrupacións que teñen menos recursos para facer oposición e poder cambiar os gobernos actuais, dirixidos polo PSOE e o BNG", afirma.

García quiere ter tamén un recoñecemento público para todo o Grupo Provincial, e que vai dende a propia Candia no seu momento, ata o voceiro actual, Javier Castiñeira,

como aos deputados e ao persoal do Gabinete. A este respecto, destaca o traballo que se está a facer a nivel provincial da man do portavoz Castiñeira. Precisamente, deste último destaca "a súa capacidade para traballar en equipo e de escoita permanente, como así se demostra na súa actividade diaria cos compañeiros, alcaldes, voceiros e veciños". Coa decisión de García dáse cumprimento tamén a un compromiso orgánico, asumido ao inicio do mandato, e que existía na comarca de Sarria. Como presidente do PP local, anuncia que tamén acordou con Elena Candia abrir unha programación de traballo máis intensivo para reforzar e renovar a estrutura da agrupación local.

Restaurarán o tellado da Biblioteca Municipal e rematan obras viais

Despois de cambiar as ventás e as portas o Concello céntrase en renovar as lousas do tellado para poder ofrecer unhas infraestruturas en condicións aos seus veciños.

O edificio que conta con máis de 100 anos de antiguidade tiña pequenas goteiras que se verán solucionadas ao longo dos próximos días co cambio de tellado.

Desta forma, as obras que agardan no seu interior estarán máis protexidas e polo tanto mellor

coidadas.

Esta restauración súmase ao cambio que se fixo fai pouco das ventás e portas do edificio.

As melloras no Concello non cesan xa que durante estes días tamén se puideron observar cambios nas rúas de Samos.

Entre estas renovacións podemos atopar os novos bancos de pedra que contan cunha frecha de peregrino ou os contenedores do casco urbano. Así como o tramo do Paseo en Renche ou a pista entre Teibilide e Rosende.

A vila acolle a exposición itinerante sobre Manuel Rodríguez López

A Casa do Concello de Samos acolleu na xornada de onte a presentación da exposición Manuel Rodríguez López, sobre a vida e obra do escritor de Paradela. Ademais, presentouse o libro "Manuel Rodríguez López, 25 anos despois", que recolle traballos de 50 personaxes destacados da cultura galega sobre a figura de Manolo Rodríguez. No acto participaron o alcalde de Samos, Julio Gallego, o

alcalde de Paradela, José Manuel Mato, e a viúva do escritor, Irene López.

Esta exposición itinerante percorreu nos últimos 8 anos máis de 20.000 quilómetros, pasando por numerosas cidades e localidades galegas e do resto da península.

Está composta por oito paneis dobles, nos que se reflicte a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro

galego do século XX, que escribiu en Cataluña a maior parte da súa obra, e foi ademais dun grande animador das actividades galegas nesta comunidade, o vínculo perfecto entre Galicia e Cataluña.

Manuel Rodríguez López é tamén fillo predilecto do Concello de Paradela, e dá nome á Casa Municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se acaba de presentar a XXVII edición.



Unha imaxe da mostra en Samos

Continúan as obras na estrada LU-633 ao seu paso pola localidade

Iniciáronse novos traballos de reforzo da seguridade viaria na estrada autonómica LU-633 ao seu paso polo concello lucense de Triacastela, no treito coincidente co Camiño Francés, co fin de favorecer o tránsito seguro dos peregrinos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade comezou esta semana os traballos de acondicionamento no cruzamento da ruta xacobe coa vía autonómica, no punto quilométrico 27+580.

Os traballos en execución céntranse na construción dunha senda nese treito, protexida cunha barreira de seguridade e o reforzo da sinalización horizontal no cruzamento, para identificar este treito do Camiño Francés.

Estas obras súmanse ás intervencións que se están a desenvolver desde o pasado mes de xullo nas vías autonómicas coincidentes coas distintas rutas do Camiño de Santiago, co obxectivo último de protexer os peregrinos, que son usuarios vulnerables das estradas.



Unha imaxe das obras na vía

16 MUNICIPIOS. Na provincia de Lugo inclúense actuacións en 16 municipios dos Camiños Francés, de Inverno, Norte e Primitivo. En concreto, no Francés execútanse traballos na propia LU-633, LU-637 e LU-613 ao seu paso por Pedrafita, Triacastela, Samos, Sarria e Portomarín, onde se realizarán en total 13 actuacións. No Camiño Primitivo fixéronse

14 actuacións para incrementar a seguridade na confluencia coas estradas LU-701, LU-740, LU-530, LU-232 e LU-231 na Fonsagrada, Baleira, Castroverde, Lugo e Palas de Rei.

No Camiño de Inverno programáronse actuacións nun total de seis puntos da LU-933, LU-652 e LU-213 en Quiroga, A Pobra do Brollón e Chantada.

‘El Camino de Santiago by Julius’ rodado na vila xa ten data de estrea



Unha imaxe do programa

O episodio rodado en Triacastela do programa El camino de Santiago by Julius do Canal Cocina emitirase o domingo 14 de novembro ás 11.00 horas e ese mesmo día repetirase ás 16.30 e ás 21.00 horas. Julius Bienert é o protagonista do programa, neste, percorre o Camiño de Santiago na procura de

sabores tradicionais da ruta. O chef camiñará 800 km a pé co único fin de probar as comidas típicas de cada lugar.

O episodio número 18 é o que pasa polo Cebreiro e onde Julius proba as filloas de sangue realizadas por Mari Carmen e a súa nai en Triacastela.

A localidade acolle a andaina do GDR contra a violencia de xénero



GDR Ribeira Sacra—Courel organiza unha andaina en contra da violencia de xénero.

A ruta será de 5 quilómetros e suporá unha seña de apoio entre as mulleres.

O punto de encontro será a Casa do Concello de Triacastela ás 11.15 horas dende alí os participantes desprazaranse en autobús ata Fillobal para realizar a ruta.

A hora de chegada á Casa do Concello de Triacastela será ás 13.00 horas e ás 14.00 convidarase a un aperitivo.

O grupo organizador, GDR facilitará unha prenda conmemorativa aos participantes.

O aforo é limitado por iso é preciso realizar a inscrición no seguinte correo: info@ribeirasacracourel.es

A alcaldesa participou no IV Fórum do Camiño de Santiago Fairway

A alcaldesa de Triacastela participou na capital de Galicia no IV Fórum do Camiño de Santiago FairWay nunha mesa de debate sobre a reactivación do Camiño. Fairway é o primeiro fórum con feira e congreso sobre o Camiño de Santiago.

Un dos principais obxectivos de Fairway é converterse no punto de encontro dos profesionais do turismo. Por iso, o Congreso intentou tratar e tender pontes entre temas e tendencias actuais, así como aspectos formativos e de debate, con cuestións que realmente preocupan a un sector moi amplo e multidisciplinar que está ligado ás Rutas Xacobeas.

A participación de Triacastela neste tipo de eventos fomenta o turismo e a peregrinación polos camiños que atravesan a provincia impulsando as paisaxes naturais e o rural lucense. A alcaldesa sinalou que esta feira servirá “de punto de encontro entre axentes, institucións, empresas e demais profesionais ligados ao Camiño de Santiago” e sinalou que “estas constitúen un importante impulso económico e cultural para a provincia, especialmente nun ano como este”.



O IV Fórum do Camiño de Santiago



XORNADA SOBRE RATATOUPA. O Concello de Triacastela acolleu unha formación técnica sobre a ratatoupa. Esta actividade quería promover os coñecementos básicos sobre este animal e cales son as medidas a seguir no caso dunha infestación.

“O obxectivo foi a conservación e mantemento dos vellos camiños”

O Terremoto Club Triacastela promove a práctica do enduro na comarca

O Terremoto Club Triacastela nace coa finalidade de promover a práctica do enduro, así coma conservar e dinamizar o entorno a través de limpeza e da recuperación de antigos camiños e corredeiras esquecidas.

Cando se creou Terremoto Club Triacastela e por que naceu a idea?

O Terremoto Club Triacastela creouse no ano 2009. Un grupo de amigos e endureiros da comarca decidimos crear o club para acudir a eventos deportivos baixo o seu paraguas e tamén para organizar os nosos propios eventos de enduro.

Cales son os obxectivos do club?

Os obxectivos primordiais do motoclube sempre foron o mantemento e conservación dos vellos camiños da comarca a través do enduro. O enduro é un deporte que se pode practicar en diferentes modalidades incluso en circuitos pechados. Sen embargo, os inicios do enduro tradicional sempre foron monte a través usando camiños e sendas existentes e superando as dificultades, obstáculos naturais e a dureza de estas vías de comunicación. Na nosa comarca temos un patrimonio moi grande de vellos camiños que se está a perder co abandono e despoboamento do rural, esas son as infraestruturas que nos gustaría manter no mellor estado posible.

Como levaron a pandemia?

A pandemia parou todo, incluída a actividade deportiva e a organización de eventos, moitos dos cales é posible que non volvan a organizarse. Coa apertura de restricións volveuse a comezar coa practica de enduro xa que é un deporte individual, pero os eventos (excursións, carreiras, etc.) están tardando máis do que deberan.

Cales son os plans de futuro de Terremoto Club Triacastela?

No club non temos uns plans específicos marcados a medio prazo e en principio a organización de eventos coma excursións está parada. O que si, é que estamos en contacto e colaboración directa co motoclube Malditos Hierros de Sarria,

e xuntos organizamos días de limpeza, roza e mantemento de camiños, incluso reparación de pontes ou pequenos pontigos, etc. Como xa mencionei antes, son camiños que despois aproveitamos para a práctica do noso deporte.

Cantas persoas compoñen o club?

O club é pequeno e humilde, formado por unha ducia de amigos, pero aberto a participación de quen queira formar parte. Ultimamente estamos practicamente todos integrados no club Malditos Hierros contando cos amigos de Sarria para todo.

Anteriormente organizaron rutas de Enduro, tiveron algún problema para poder realizalas?

Organizamos sete excursións de

enduro con moita participación. Tiñamos moitos participantes de toda España, e incluso de Portugal e Francia, nunca tivemos problemas salientables, sempre había detrás un traballo moi pormenorizado con todos os permisos e seguros en regra que esixe a lexislación vixente. Coma todo, hai demasiada burocracia, pero con traballo e ilusión todo se consegue. Algunha vez para adaptarse a lexislación e obter os permisos houbo que facer lixeiras variacións no trazado, pero nada importante.

Teñen planificado volver realizar este tipo de rutas?

En principio non temos planificada ruta a corto prazo, o que non quere dicir que as portas estean pechadas, todo dependerá de como evolucionen as cousas.



Como foi a acollida nas rutas que organizaron?

Dende o motoclube sempre tivemos a sensación de que as nosas excursións tiñan moi boa acollida, tiñamos que limitar o número de participantes porque senón a cousa íasenos das mans. Incluso chegamos a cambiar totalmente o tema da sinalización das rutas, que tradicionalmente se facía con cintas e sinais que despois había que recoller, e pasamos a facer excursións navegación gps, sen marcar previamente os perco-

rridos, soamente facilitándolles aos participantes o track para o gps ou teléfono. Éramos conscientes de que isto era un cambio radical no xeito de facer as cousas pero seguimos tendo que colgar o cartel de “prazas esgotadas” xa que tivo moi boa aceptación e a xente apoiou a idea.

Ultimamente soaron con máis forza as queixas de colectivos que entenden que motos e quads fan un mal uso do monte, que opinan diso? Recibiron algunha queixa en particular sobre esta cuestión?

Con respecto a isto quero destacar que o noso é un club de enduro de motos, non temos nada que ver cos quad que son cousas totalmente diferentes, aínda que sempre se nos adoita engadir no mesmo grupo. É certo que hai problemas a nivel galego e incluso estatal polo uso de vehículos a motor polo monte. Moitos de estes problemas veñen dados porque cada vez os usuarios de este tipo de vehículos están máis desligados do medio rural e descoñecen a propiedade dos terreos, das pistas e incluso da lexislación. Tamén hai zonas con peculiaridades, nas cales os camiños públicos foron desaparecendo e proliferando as pistas de comunidades de montes (que non son públicas) e un largo etcétera de problemas de organización do territorio, xunto coa masificación de vehículos “off road” en certas zonas. Na nosa zona non adoitamos ter problemas, temos unha gran rede de camiños de titularidade pública, que moitos de eles se están perdendo polo abandono do rural, e basicamente, a nosa actividade realízase por todos eses camiños, sen ter que meterse en terreos de monte privados. A maiores a xente é coñecedora do territorio e dos usos e costumes da xente e sabemos respectar para ser respectados.



Arriba, dous momentos da actividade e, abaixo, reunión do motoclub

A Deputación aproba obras en dúas estradas



O deputado Pablo Rivera

A Deputación de Lugo aprobou na Xunta de Goberno novas actuacións para seguir mellorando a mobilidade na provincia por un investimento que se achega aos 900.000 euros. Unha desas obras aprobadas está no Concello.

“No concello de Páramo aprobamos a adxudicación, por un importe de máis de 100.000 euros, de obras nas estradas LU-P-4203, LU-P-4205 e LU-P-4206 á empresa Construcciones y Obras Taboada y Ramos SLU cun prazo de execución de 4 meses”, sinalou o deputado responsable da comunicación da Xunta de Goberno, Pabalo Rivera.

Estas vías, que dan servizo a varias parroquias paramesas, serán renovadas en máis de 13 quilómetros. Pablo Rivera explicou que a rehabilitación de 6 quilómetros da LU-P-4203 favorecerá ao importante volume de tráfico desta vía que dá servizo ás parroquias de Friolfe e A Torre, ademais de unir O Páramo co concello de Paradela. A estrada LU-P-4305, que conecta con Moscán, será rexenerada nuns 1,5 quilómetros e, por último, as obras de acondicionamento da LU-P-4306, que vai a Santo André da Ribeira, afectarán aos primeiros 5,6 quilómetros de vía.

O Concello destina máis de 78.000 euros á renovación da iluminación exterior

Un total de 78.756,80 euros destinaranse por parte do Concello a investimentos para levar a cabo as obras de renovación de instalacións de iluminación exterior.

Para estes traballos, o concello acolleuse a unha liña de axudas a proxectos de economía baixa en carbono promovidos por entidades locais, cofinanciada

polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e xestionada pola IDAE, co obxectivo de conseguir unha economía máis limpa e sostible.

Desta maneira, o importe de axuda ascende aos 62.997,44 euros e realizarase nas parroquias de Adai, Cendoi, Rodriz, San Mamede, Gondrame, Vilardepenas, Vileiriz e San Xuliao.

Actividades de maiores

Este mes de novembro comezaron as actividades gratuítas para maiores que oferta o Concello do Páramo.

As dúas actividades que están dispoñibles e que se poderán realizar son pilates e zumba. No caso de pilates, as clases serán os xoves de 21 a 22 horas no pavillón municipal e, no caso de zumba, as clases realizaranse os martes de 21 a 22

horas no pavillón.

As clases de zumba comezarán o vindeiro martes 2 de novembro, mentres que as de pilates empezarán o xoves 4 de novembro. Así mesmo, para calquera dúbida ou para máis información, pódese contactar co número de teléfono 982 539 156 ou no enderezo electrónico concello.oparamo@eido-local.es

Séguese a traballar na nova ruta da Torre Medieval de Barreira

O Concello do Páramo está impulsando a primeira parte da ruta da Torre Medieval da Barreira, a primeira ruta de sendeirismo no concello. A ruta, que será de algo máis de 1,9 quilómetros, comezará no cruceiro que hai na carballeira do campo da feira e rematará na torre medieval da Barreira, onde quedan algúns restos desta antiga fortificación.

A actuación conta cun investimento aprobado de 14.908,22 euros e, ademais, ten unha axuda de 12.320,84 euros, que veñen dados da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través dunhas axudas de recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e a sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia.

O recorrido vai por un antigo paso de gando cara ao campo da feira, que vén dende a montaña de Friolfe por Vilariño. Desta



Unha vista da ruta

maneira, a través da ruta pódese gozar do valor paisaxístico, ecolóxico e histórico da zona.

O prazo de execución da actuación será de dúas semanas e o obxectivo é recuperar, sinalizar e conservar camiños que estaban activos antigamente e que, co paso do tempo se foron deteriorando.

Por esta razón, realizarase unha instalación de paneis informativos con datos relativos á ruta nos lugares máis importantes, así coma postes de madeira indicando o trazado da ruta, cambios de dirección, etc. Ademais, tamén se levarán a cabo tarefas de limpeza que realizará o persoal e maquinaria do concello.

láncara

Entrega do premio Ramón Piñeiro, Facer País ao grupo Luar na Lubre



A Asociación Cultural Val de Láncara entregará o vindeiro sábado 20 de novembro o premio Ramón Piñeiro, Facer País. A asociación non puido celebrar os premios o ano pasado a causa da situación sanitaria, sen embargo, este ano volve a Láncara coa súa décimo novena edición.

Así pois, dende a asociación informaron que este ano, o premio recaeu no grupo de música folk Luar

na Lubre, quen se suma á lista de personalidades e colectivos premiados dende o ano 2002, pola súa labor en defensa da cultura e lingua galega. O premio será entregado por Xurxo Souto, cantante, escritor, actor e director galego que recibiu o galardón na pasada edición celebrada no ano 2019.

O grupo Luar na Lubre, nacido na Coruña en 1986, foi elixido entre 15 candidaturas propostas por per-

soas e colectivos da zona de Láncara. Así mesmo e, coma en pasadas campañas, o acto levarase a cabo en Carracedo, despois dunha recepción no Concello.

Ademais de Luar na Lubre e de Xurxo Souto, foron galardoados con este premio personaxes coma Xosé Neira Vilas, Marica Campo, Agustín Fernández Paz, Margarita Ledo, Isaac Díaz Pardo e Luís Tosar, entre outros.

AGRO

Adega denuncia que continúa a ocupación ilegal con eucalipto

No que entra en vigor o novo Plan Forestal de Galicia 2021-2040, Adega dá conta dos primeiros resultados da súa campaña de denuncia contra plantacións ilegais, que intensificou desde o pasado mes de abril, “tras a vaga eucaliptizadora provocada pola moratoria anunciada pola da Xunta de Galiza para as novas plantacións de eucaliptos”. Como indican, “malia procurar entre os seus obxectivos a redución dun ridículo 5% da superficie ocupada con eucalipto para 2040, tanto a moratoria como o novo Plan Forestal semellan estar provocando o efecto contrario”.

Neste senso, Adega fixo un chamamento á cidadanía galega o pasado mes de abril para que trasladase á organización ecoloxista información

sobre presuntas plantacións ilegais de eucalipto, cortas de bosque autóctono ou ocupación de terras de cultivo irregulares efectuadas con esta especie invasora. A campaña tamén se fixo circular a través das redes sociais e dos medios de comunicación convencionais para tentar poñer freo ás plantacións de eucaliptos e cortas a feito prohibidas pola legislación vixente de masas de árbores autóctonas, e que a todas vistas están a proliferar no noso territorio, de forma especialmente alarmante tras o anuncio a finais do pasado mes de marzo da moratoria ao eucalipto. Cumpridos seis meses desde o inicio da campaña na que Adega poñía a disposición das persoas un formulario en liña (<http://bit.ly/denunciafo>

restal) para que, de xeito anónimo, calquera puidese informar sobre plantacións ou cortas ilegais, foron recibidos máis de 230 avisos sobre infraccións cometidas no eido forestal, dos que máis de 200 son denunciadas e teñen que ver coa plantación indiscriminada ou irregular de especies do xénero Eucalyptus no noso territorio, segundo engaden. Durante este tempo, Adega xa leva presentadas ante a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galiza e demais organismos competentes máis de 100 denuncias sobre plantacións, cortas e cambios de cultivo en parcelas que infrinxiron a normativa forestal, e nalgúns casos, tamén a normativa medioambiental, a de augas ou a de patrimonio.

Comezou o pago dos anticipos da PAC

A Xunta, a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), comezou a facer efectivo o pagamento do anticipo das axudas directas da PAC correspondentes á campaña 2021-2022. En total, serán 36.940.043 euros que beneficiarán uns 15.000 agricultores e gandeiros galegos. Estes importes corresponden ás liñas de vacas nutrices e de vacún de leite.

Ademais, no vindeiro mes de decembro prevese realizar por parte do Fogga un novo pago de axudas directas, por valor de máis de 106 millóns de euros, así como o pago de desenvolvemento rural correspondente a zonas con limitacións naturais, por importe de 17,2 millóns de euros. Estes pagos beneficiarán, en conxunto, a máis de 25.000 agricultores e gandeiros.

Así, o Fogga realizará o pago de anticipos tras a realización de todas as comprobacións administrativas e dos controis obrigatorios sobre o terreo. Este organismo pagador, adscrito á Consellería do Medio Rural, efectuará o pago do 70% da axuda total, o máximo establecido pola Comisión Europea.

Por provincias, Lugo é a máis beneficiada, con case 18,5 millóns de euros de anticipo. Séguenlle A Coruña, con arredor de 13 millóns de euros; Pontevedra, cuns 3,7 millóns e Ourense, con aproximadamente 1,5 millóns de euros. Por concellos, o pontevedrés de Lalín é o que maior número de beneficiarios e importes acada, seguido do lugués da Pastoriza e do coruñés de Mazaricos.

Os gandeiros protestan na rúa polos custes de produción do leite



Concentración de tractores na Ronda da Muralla fronte á Xunta

Os gandeiros de Lugo saíron á rúa para reclamar unha suba do prezo do leite en orixe que compense o “incremento desmesurado” dos custos de produción que están a sufrir as explotacións como consecuencia da suba do prezo da luz, o gasóleo e os pensos.

A protesta, convocada pola asociación de gandeiros e gandeiras Agromuralla, arrincou ás 12 da mañá diante do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo no que xuntaron arredor dun millar de tractores e destacou un carro de bueis que carretaba un ataúde con coroas de flores.

A protesta discorreu sen maior problema polas rúas da cidade até rematar diante da Subdelegación do Goberno, na rúa Armanyá. Agromuralla, que reúne a centos

de gandeiros das provincias de Lugo e A Coruña, esixe ás Administracións públicas, tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central, “medidas urxentes que eviten un peche en cadea das explotacións” ante a “situación insostible” que viven os produtores de leite como consecuencia da “suba desmesurada” dos custos de produción.

“Este ano, desde o mes de xaneiro, o que nos custa producir disparouse, coas subas actuais no recibo da luz e o gasóleo e o incremento que se está dando nos pensos e as materias primas, pero o que nos pagan polo leite non se moveu e non nos dá para pagar os gastos, polo que estamos perdendo cartos todos os meses”, asegura o presidente de Agromuralla, José Luis Pérez Barreiro.

Homo homini lupus

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Este mes o artigo vai nun enfoque máis “polémico” e con el quero facer unha pequena reflexión de que hai que analizar os feitos e ver que as cousas non son tan simples como parecen, e que as veces é máis doado buscar un culpable que analizar os problemas, máis difíciles pero que de resolverse o conto cambiaría moito.

Durante estes meses estivemos vendo a polémica da introdución do lobo no catálogo de especies protexidas. E falouse moito de que ía ser a fin da gandería... O final empregouse o lobo como outra arma máis nas leas políticas que temos todos os días. En Galicia realmente a introdución non supuxo un cambio legal (non se considera unha especie cinxética, e só se autorizaban batidas por danos por parte da Xunta, (que nos últimos anos non conseguiron cazar ningún, bueno, mataron un can en Friol), e agora despois de todo ese rebumbio... Soubemos que esa protección implicaba que os orzamentos que aumentan de xeito substancial (aínda que non chegamos o que debera ser). Isto o final é o mesmo conto de sempre, as administracións máis doado culpar a un animal que analiza cal é o verdadeiro lobo que acaba cas explotacións.

Por un lado temos unha nefasta política rural na que dun lado eliminamos a nosa floresta e monte raso (por certo, hábitat de esas especies que tantos quebradizos de cabeza dan) e polo outro tamén temos unha perda brutal de terras de cultivo e todo para ter un só cultivo (e falamos do eucalipto) que depende dunha soa empresa que nin paga os seus impostos aquí... Xa sen mencionar a cuestión medioambiental, economicamente é un suicidio (como todo o mundo da costa de Galicia sabe).

Por outra banda e relacionado con isto dende os 90 promoveuse que cada vez teñamos menos granxas e con máis cabezas de gando, cunha insuficiente superficie agraria e moi dependente de ter que comprar materias primas de fóra, e vemos que cando un traballa cuns marxes case

inexistentes, cando se produce unha suba de enerxía e materiais... ese marxe desaparece... e as explotacións agonizan... e para poñer o último cravo no ataúde... temos unha distribución de venda da carne e do leite que paga por debaixo dos custos de produción... Pois apaga e vámonos.

Señores, o lobo que acaba cos gandeiros non é outro que o que se senta nun despacho e vai de traxe. É aquel que fixa uns prezos de pena de carne e leite, o mesmo que vende a perdas en grandes superficies comerciais ou os lobbies mineiros e das eléctricas cos seus megaparques eólicos que poden ocupar terras agrarias.

As comarcas gandeiras son as que fixan poboación no rural, esas ganderías con bos manexos son neutras na produción de metano e CO2.

O que precisamos son medidas de apoio a gandería e a vida no rural, ter os mesmos accesos a telecomunicacións (eso facilitaría o establecemento de negocios agrogandeiros que sexan a vez produtores e vendedores), establecer leis que impidan as grandes distribuidores que poidan mercar tanto o leite como a carne a prezos por debaixo de custo de produción, potenciar que os propios produtores sexan os vendedores do seu produto, impedir de que poidamos ver produtos foráneos que se venden a prezos moito máis baixos que os de aquí (como ver carne de vaca de Polonia nun supermercado galego que se vende por debaixo do prezo de produción e que non ten os mesmos niveis de benestar e calidade hixiénico-sanitario que aquí). Reducir o IVE dos produtos agrogandeiros, que se potencia o consumo de produtos de proximidade e que de verdade se compensen os danos por fauna salvaxe e que se den axudas de verdade para a prevención dos mesmos. E que non se permita que o noso rural se convirza nun deserto verde de eucaliptos e eólicos e que se remate co pouco do noso monte en estado natural que o único que fai é empurrar os animais salvaxes a meterse nas terras agrarias.

O lobo de verdade, o depredador do noso rural é un home traxeado... e como di a frase do escritor latino Plauto “Homo homini lupus” que significa literalmente “O home é un lobo para o home”.

DEPUTACIÓN

O Pleno acorda esixir á Xunta a realización das obras pendentes

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia a dotación de fondos económicos e un plan de execución para os proxectos pendentes na provincia de Lugo. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de outubro tras unha proposta presentada polo Goberno provincial, que saíu adiante co apoio do PSdeG e o BNG, e cos votos en contra do PPdeG.

En concreto, a institución provincial reclámalle ao Executivo autonómico que se acaden niveis de compromiso coa provincia e se fixen dotacións orzamentarias para os grandes proxectos pendentes na provincia de Lugo, con especial atención ás infraestruturas e aos servizos. Entre elas, exemplifican a Vía de Alta Capacidade da Mariña, as obras relacionadas co subministro de auga, o Porto Seco de Monforte, a Ronda Leste de Lugo ou o Cuartel de San Fernando, entre outros. Tamén os servizos públicos, como a recuperación de cadros de persoal e especialidades no conxunto da rede provincial do Sergas, o mantemento do profesorado en niveis similar aos do curso escolar 2020/2021 ou o desenvolvemento industrial.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, fixo fincapé en que a Xunta ten paralizados proxectos de

dúas categorías. “Están proxectos que van ano tras ano con partidas de similar contía pero que logo non se executan; e logo están os proxectos que nin figuran nas contas da Xunta, a maioría deles son reclamados polos Concellos pero que non aparecen. A lista sería interminable, pero basta con facer alusión ás necesidades que presentan os concellos para o abastecemento e depuración de augas ou nas comunicacións”, indicou.

García Porto mencionou que as contas autonómicas “deberían ser realizadas de abaixo cara a arriba, e non de arriba cara abaixo para responder ás necesidades dos concellos, escoitando aos Alcaldes e Alcaldesas”. Subliñou que “a proposta nace como reacción ante a soberbia e a ineficacia do Goberno da Xunta que non ten en conta as opinións da veciñanza, e da ineficacia duns orzamentos que xeran titulares de prensa pero que están baleiros de contido. Escoitamos que os orzamentos volven acadar cifras récord, o Goberno vai de récord en récord, pero ao final non se atraen empresas, non se crean prazas de escolas infantís, seguimos sen acceso a Internet de calidade e entre outras carencias, sen docentes dabondo

nos centros de ensino”, recalcou a Deputada.

SERVIZOS BANCARIOS. A sesión plenaria de outubro tamén sacou adiante unha proposta socialista -cos votos a favor do PSdeG e BNG e a abstención do PPdeG- para reclamarlle á Xunta de Galicia un plan de recuperación dos servizos bancarios na provincia de Lugo. Unha iniciativa que responde ao peche de oficinas que se suceden nas vilas e concellos galegos nos últimos doce anos, significando estes peches o 51% da rede bancaria que había.

García Porto indicou que nos últimos doce anos se perderon máis de 5.000 empregos en Galicia “ante a indiferenza e a falta de planificación económica dos sucesivos gobernos populares”. A Deputada evidenciou que máis de 7.000 veciños e veciñas da provincia carecen de acceso aos servizos bancarios no seu lugar de residencia, poñendo de exemplo os municipios de Negueira de Muíñiz, O Páramo, Ribeira de Piquín ou Samos, que carecen xa de oficina bancaria. “A Xunta contribúe ao desmantelamento dos servizos bancarios, porque con fondos públicos está subvencionando que as entidades instalen caixeiros nos concellos pe-



Pazo de San Marcos

chando oficinas, sen garantir axeitada atención persoal á veciñanza”, dixo a voceira socialista do Goberno provincial.

Sinalou, así mesmo, que a proposta tamén inclúe a petición dun plan integral de telefonía móbil no rural que permita acceder aos servizos de banca electrónica e telemática, á vez que tamén insta a que se dote de financiamento aos concellos para que poidan desenvolver plans de formación dirixidos á terceira idade para fomentar o uso das tecnoloxías. “A día de hoxe as apostas por bancas telefónicas ou a través de internet non son as solucións máis acaídas para unha provincia rural como é a de Lugo. Temos unha cobertura móbil deficiente e unha poboación de idade avanzada que prefire os trámites presenciais. Por iso, a falta

de oficinas provoca que a veciñanza teña que buscar fórmulas de desprazamento con custes engadidos, que tamén dependen do estado de saúde das persoas”, salientou.

PLAN ÚNICO. O pleno tamén rexeitou a proposta popular para incrementar nun 25% o Plan Único no 2022 e que a Deputación amaíe a estrada que constitúe o cinto comarcal de Lugo.

Castiñeira sinalou: “Chámonos moito a atención que alcaldes e alcaldesas como os de Pedrafita, Castroverde, Viveiro, Xermade, Ribeira de Piquín e Monforte votaran en contra de ampliar o Plan Único nun 25%, porque é bo para eles como alcaldes e é bo para os seus veciños, pero así é a dinámica do PSOE; dos alcaldes do BNG, pois o mesmo”.

135 asociacións reciben axudas para realizar as súas actividades

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo distribúe entre as entidades asociativas culturais da provincia un total de 201.000 euros co obxectivo de contribuír ao financiamento de distintas actividades culturais e facilitar o investimento na renovación e mellora de equipamentos e instalacións dos locais sociais. Un total de 135 asociacións de distintos puntos da provincia beneficianse desta convocatoria segundo se recolle na resolución provisional publicada no Boletín Oficial a Provincia.

No que atinxe á resolución das achegas para actividades de interese cultural, 89 colectivos de todas as comarcas poderán beneficiarse dunha partida global de 130.000 euros para desenvolver o seu traballo habitual ou ben financiar algunha cita concreta. Así, as asociacións solicitaron neste este 2021 axudas para a realización de xornadas culturais, mostras tradicionais, certames de distintas modalidades artísticas,

obradoiros de música tradicional, teatro, fotografía ou pintura, campamentos formativos, viaxes culturais, publicacións, exposicións, festivais, traballos audiovisuais, obradoiros cinematográficos, concertos ou celebración de festividades con aceno propio como o magosto ou as festas de xogos tradicionais.

Unha segunda liña de subvencións permitirá a 46 entidades mellorar as instalacións e equipamento dos locais sociais, distribuindo entre elas un montante total de 71.000 euros. A mellora substancial destes espazos reflectirase na compra de mobiliario, equipos e material de distinto tipo vinculado á realización de eventos. As subvencións oscilan entre os 300 e os 3.000 euros, en función dos baremos establecidos nas bases que, entre outros aspectos, priorizan as iniciativas das asociacións con maior traxectoria na dinamización cultural e as de concellos de menos de 2.000 habitantes.

A Deputación recibe a medalla de Concepción Arenal

A Deputación de Lugo recibiu este luns unha das medallas Concepción Arenal durante a inauguración das 35ª Xornadas Penitenciarias Lucenses, que se desenvolven no centro cultural do Vello Cárcere de Lugo baixo o título Novas adicións, novas formas delitivas. O encontro, organizado pola Asociación Penitenciaria Concepción Arenal, conta coa colaboración da institución provincial que, por unha banda, achega 23.900 euros e, por outra, emite as xornadas vía streaming a través da canle de YouTube do seu Servizo de Audiovisuais.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, foi a encargada de recoller a medalla coa que a Asociación Penitenciaria Concepción Arenal recoñece o apoio do SdeA na difusión do labor que desenvolve, especialmente das dúas últimas



edicións das Xornadas Penitenciarias. A emisión por streaming a cargo deste servizo provincial fixo posible o desenvolvemento do encontro do ano pasado, integramente online por mor da pandemia, e a deste ano, no que a conferencia inaugural é por videoconferencia e no que a metade dos inscritos participan vía online.

Ademais de García Porto, na inauguración das xornadas participaron a Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, a Subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, a presidenta da Asociación Penitenciaria Concepción Arenal, Elvira Fernández, e os directores dos centros penitenciarios de Monterroso, Antonio Rivera, e de Bonxe, José Manuel Pernás.

Investimentos viais na provincia

A Deputación renova varias infraestruturas da comarca cunha inversión superior aos 2,2 millóns de euros en 2021



Á esquerda, o presidente da Deputación visitando a feira de artesanía de Samos, e, á dereita, unha imaxe dos traballos de aglomerado en vías da comarca

A Deputación de Lugo inviste preto de 2,2 millóns de euros na comarca de Sarria a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Os concellos do Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria e Triacastela perciben este recursos económicos para manter e mellorar servizos e infraestruturas, fomentar o emprego e impulsar o tecido produtivo e asociativo, entre outras actuacións encamiñadas a atender as necesidades dos seus veciños e veciñas.

En concreto, a Deputación de Lugo achega 2.107.257,78€ e os Concellos fan un investimento a través deste plan provincial de 92.251,24€. Desta contía, máis de 1,5M€ destínanse a infraestruturas como a mellora e acondicionamento de estradas, ac-

cesos a núcleos de poboacións e pavimentación de vías públicas. En total son 38 proxectos de obras ou subministracións para esta comarca: 5 no Incio, 3 en Láncara, 5 en Paradela, 5 no Páramo, 7 en Samos, 10 en Sarria e 3 en Triacastela.

Grazas a este programa ao longo deste ano contrátase a máis de 100 persoas nesta comarca para desenvolver traballos como o de peón, administrativo, tractorista, limpador, oficial de albanel ou condutor, entre outros.

Os Concellos sacan a contratación deste persoal e financian o salario en base a unha partida que ascende a máis de 400.000€ que achega o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación.

Pola súa banda, a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos tamén se financia o Servizo de Axuda no Fogar destas localidades. Son máis de 100.000€ para este servizo

Máis de 100.000€ destínanse ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando así a súa autonomía e responsabilidade no gasto. Ten unha liña propia neste programa de investimentos e cada concello deseña e articula o SAF en relación ás particularidades da súa veciñanza.

Con estes fondos, os municipios tamén destinan máis de 60.000€ para actuacións ou adquisición de material ven-

cellados á crise sanitaria da Covid-19. Tamén 20.000€ para eventos ou feiras, como é o caso da Feira de Turismo de Samos ou ao Rally do Incio. Estes concellos invisten nesta anualidade máis de 13.000€ en avanzar na administración electrónica e na protección de datos en base a este plan, e destinan 1.500€ a actividades culturais.

UN PROGRAMA QUE MEDRA

O Goberno provincial decidiu subir este ano o Plan Único ata os 21,5M€ no marco do seu compromiso de máxima cooperación cos concellos, cada ano tratan de incorporar melloras, sempre pensadas para facilitar-lles a planificación e a xestión dos investimentos e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as

necesidades dos seus veciños e veciñas. Desta maneira, a Deputación segue reforzando o seu principal instrumento de cooperación cos concellos, e isto é especialmente importante nun ano no que as entidades locais teñen máis necesidades polos efectos da crise sanitaria, sobre todo aqueles máis pequenos, nos que boa parte da actividade depende dos recursos económicos aportados por esta institución.

Este 2021 foi a primeira vez desde que existe este programa provincial de investimentos que se aprobaron as bases no ano anterior ao seu período de vixencia, algo moi importante para os concellos, porque lles permite traballar con moita maior previsión.



O equipo de Goberno da Deputación Provincial, responsable do Plan Único

Distribución dos fondos por concellos na comarca de Sarria

| CONCELLOS | PLAN ÚNICO 2021 |
|--------------|---------------------------|
| O Incio | 303.830,13 euros |
| Láncara | 311.459,71 euros |
| Paradela | 301.094,10 euros |
| O Páramo | 257.783,70 euros |
| Samos | 293.510,37 euros |
| Sarria | 520.585,70 euros |
| Triacastela | 211.245,31 euros |
| Total | 2.199.509,02 euros |

COLABORACIÓN

Primavera

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Relata Juan Tallón en "Mientras haya bares" un episodio que transcorre nunha redacción dun xornal. Un veterano explica que non é posible facer periodismo do bo, serio e entretido se careces dunha mala máquina de café. Se a máquina é boa, esquecete de facer periodismo e faite camareiro. Vaiche a ir mellor. Se algo está bo, relámbeste e se te relambes, comprácese e a compracencia é a fin

de todo. No libro só di que a compracencia é a fin da túa carreira, pero eu engado a maiores, é a fin de todo. Por eso é tan importante escoller a quen te vai a ler, e sobre todo, a quen te vai a acompañar a tomar cafés malos de máquina. É reconfortante oír cando te gaban, pero máis importante debora ser escoitar cando se verte en ti o foco da crítica constructiva. Aí residen os dous tipos de persoas que existen: aos que non ofendes cando explicas desde o cariño como poden ser mellores nalgo e os outros, os que me caen mal. Probablemente ese sexa o motivo polo que nunca vou a ser unha boa escritora, digo

mellor, probablemente esa sexa a razón pola que endexamáis vou a ser escritora, porque acostumo a tomar bos cafés. Sibarita da semente torrada, que teño por pracer confesable tomalo cando volvo de traballar morno e ás tantas. Agora ás veces sonlle desleal á barra de Midas e arrequeceme tanto ou máis tomalo en vaso de plástico na Marosa, só cando está á temperatura perfecta. Malia que o meu amigo D. me preguntase esta semana que cando vou a publicar, a miña resposta foi, café en man, cando non sexa mediocre. Xacobe Pato sostén que a persoa que escribe é un ser presuntuoso que non

sabe sobre miles de cousas e ten a desgraza de que eso lle preocupa, comeza entón o proceso de facerse preguntas para as que non ten resposta, ou que tal vez, non deban responderse. Eu coído que esa sería a definición perfecta de lector, que se lle engades estar un pouco chalado, pasa a ser a de escritor.

De non ser porque o meu momento feliz de hoxe foi tomar café no Primavera en moi boa compañía, non entendería á xente á que lle gusta o outono e o cambio de hora. Ambas, con premeditación, é coma dicir que che gusta o que pode chegar a ser pero non é. Ben seguro que non sería momento feliz se a taberna se

chamase Outono. Nada florece na caída da follas. Sempre me quedará o consolo de ir tachando domingos ata outro verán e a promesa máis bonita que escoitei, terei que buscar a próxima taberna. Os luns son os meus favoritos, pero non os que teñen sabor a domingo coma hoxe. Nos exames, coma na vida, a chorra acompaña aos folgazáns. Estou plenamente convencida disto, por eso me gustou tanto unha frase que lle escoitei dicir a unha nai minutos antes de marchar a filla para un exame: traballa coma se todo dependese de ti e reza coma se todo dependese de Deus.

A cultura da morte

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Chorar a morte ou celebrar a vida: ¿Que sensación percibimos como máis próxima á nosa sociedade, ao noso entorno? ¿Ámbalas dúas conviven en harmonía? En Galicia existe todo un universo mitolóxico de lendas e historias en torno á morte: A Santa Compañía, o Día de

Defuntos, o Tizón de Nadal, as ánimas que volven do Alén, a Danza do Abellón, a importancia do velorio, o enterro e o cabodano como rituais moi ligados ao imaxinario popular, etc. Aínda que as tradicións e as crenzas van mudando co paso do tempo, poderíamos dicir que o respecto, o medo e a superstición están moi presentes na cultura da morte e dos mortos en Galicia.

Existen rituais realmente curiosos relacionados coa morte, como por exemplo "O Abellón", do cal

Alfredo Brañas deixou constancia neste fermoso poema escrito en 1884 e que tivo lugar en Vilanova de Arousa:

Collidos pola man os concurrentes
e fungando baixiño e entre os dentes
foron da morta á triste habitación
e voltando ó redor da defuntiña
o vello, a vella, o mozo e a mociña
fungaban como funga un abellón.
¡Probe daquel que dese algunha fala
Ou de bulir deixase pola fala!
¡Siñal era de morte non fungar
As honras do "abellón" son tan
precisas

Como son para os cregos moitas misas
E o gando e o ligón para labrar.

Parece ser que esta danza fúnebre consistía en dar voltas ao redor do leito do defunto, todos collidos da man, mentres imitaban o zunido dun abellón. Críase que se algún dos participantes falaba ou interrompía o baile por calquera causa, sería o primeiro dos presentes en morrer. Suxeriuse que este baile podería estar relacionado coas abellas que eliminan os cadáveres da colmea. Pode atoparse un precedente deste baile ritual nos tímpanos dalgunhas igrexas románicas, nos que se representa a "danza da morte": un esqueleto toca un instrumento mentres dúas ou máis persoas danzan ao seu redor.

Este tipo de danza ritual fúnebre faime pensar na festividade mexicana do "Día dos Mortos", declarada como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade pola Unesco en



2008. Un festival onde se fusionan -cun máxico e exuberante ritualismo- música, danza, gastronomía, flores de miles de cores, etc., para honrar aos mortos, pero tamén, para celebrar a vida.

A morte leva sendo fonte de inspiración inesgotable en moitos ámbitos artísticos ao longo da historia: literatura, música, pintura, arquitectura... "As Intermitências da Morte" do célebre escritor portugués José Saramago (1922-2010) -novela situada nun país imaxinario onde a xente deixa de morrer dun día para outro-, o poema sinfónico do compositor ruso Serguei Rachmaninov (1873-1943) titulado "A Illa dos Mortos", "Morte e vida" -un dos últimos cadros do pintor austríaco Gustav Klimt (1862-1918), etc. Existe unha obra arquitectónica en Galicia que merece unha mención especial polo seu indubidable valor histórico, singularidade e beleza: o cemiterio de Santa Mariña de Dozo en Cambados. Exemplo claro de necroturismo, este

bucólico camposanto está situado xunto ás ruínas da antiga igrexa parroquial de Santa Mariña -patroa de Cambados-, nunha das ladeiras do monte da Pastora e moi preto dun castro. De estilo gótico mariñeiro con influencias renacentistas, a igrexa ten unha soa nave atravesada por catro arcos transversais románicos e cinco capelas laterais, ademais dunha rechamante capela maior. Os arcos son unha das zonas máis escénicas e fotografadas da igrexa e funcionan como auténticos esqueletos da construción, conferindo ao conxunto un aire decadente de gran encanto. Durante séculos, Santa Mariña de Dozo foi un dos templos máis importantes da zona. Incluso Cunqueiro o definiu como "o cemiterio máis melancólico do mundo", case nada... Especialmente en tempos escuros, celebremos sempre a vida para que, con sorte, a morte te pille festexando. Máis bágoas de ledicia e menos de tristura.

ELISARDO BARCALA



Web: www.ebarcala.com
Facebook: @ebarcala

Enésima puñalada

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Da noite para a mañá, a multinacional con orixe en Dinamarca, Vestas, anunciou o peche da factoría ubicada en Chavín, concello de Viveiro. Nun comunicado moi elaborado, explican as causas da devandita decisión, escudándose na procura de crear novos produtos e solución para os seus clientes, co obxectivo de acelerar o despregue das enerxías renovables e mellorar a competitividade eólica. Bla, bla, bla.

O resultado inmediato é a destrución de cento e cinco postos de traballo directos na nosa provincia, na bisbarra da Mariña, que xa vive co corazón nun puño desde hai meses ante o negro futuro de Alcoa, en San Cibrao. Homes

e mulleres ós que lles informaron que buscarán unha reubicación, sen saber onde nin como, pero o certo é que en Viveiro tan só uns poucos poderían ter acomodo.

Outra puñalada máis, poderíamos dicir, xa que se repiten procedementos vistos con anterioridade. Asistimos como grandes empresas con sedes en lonxanos lugares escollidos o noso territorio para instalarse, creando riqueza en forma de emprego, un ben moi prezado en calquera lugar, pero moito máis no noso, onde a industrialización resultou moi feble. Estas entidades recibiron substanciaosas axudas das distintas administracións públicas, subvencións ás cales non fixeron noxo precisamente. Pasa o tempo e de súpeto acordan que xa non lles interesa seguir no mesmo lugar. Entón, escóitanse conceptos que resultan familiares, como por exemplo, deslocalización, unha práctica habitual do capitalismo. Aquí xa conseguimos



todo o que podíamos acadar, polo que decidimos recoller os bártulos e marchar para outra parte, que nos están esperando cos brazos abertos, onde produciremos moito máis barato e ademais tamén teremos a oportunidade, malo será, de recibir beneficios dos distintos gobernos. A música de sempre e que incompreensiblemente se lles permite seguir interpretando. De inmediato, as protestas e manifestacións dos directamente

afectados, os empregados desas factorías, quen contan en xeral co apoio e a empatía do entorno, xa que este tamén se verá moi prexudicado, incluído o poder político con declaración sentidas, comprometéndose a traballar para evitar o peche, pero uns polos outros, o certo é que solucións non se albiscan. Tamén asistimos a iniciativas novedosas de loita, como a de Álex Paleo, quen percorreu os 2.800 quilómetros que separan

Viveiro da cidade dinamarquesa de Aarhus, para entregarlles unha carta ós directivos da multinacional solicitando que non se peche a planta de Chavín. Álex, de corenta anos, un ciclista profesional no pasado, un traballador máis que ve perigar o seu futuro, foi acompañado na súa viaxe durante trece días por outros dous compañeiros que lle prestaron apoio nas duras etapas, Breixo e Guille. Una vez chegados a Dinamarca, os traballadores entrevistáronse con directivos de Vestas, os cales, amablemente e de maneira moi cordial, explicaron que comprendían a súa angustia, pero que era unha cuestión empresarial, de números, é dicir, de cartos. A empresa toma esa decisión sen ter en conta o dano que pode chegar a infrinxir, porque nos seus balances, o despedido de dúzias de operarios e o empobrecemento dun pobo, non teñen cabida. É o que hai

O latrocinio e a usura das eléctricas

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Nunha rolda de prensa dícialle un periodista ao presidente de México, Antonio Manuel López Obrador, "...que moitas empresas españolas desexarían volver a México, pero vótanse para atrás. Por iso lle volvo a formular a pregunta: Que temos que facer, indo das mans como irmáns que somos, para que estas relacións xeren esa confianza que lles fai falta aos mexicanos que van a España e aos españois que veñen a América?", ao que, con toda parsimonia e a tranquilidade que o caracteriza, contestou sen acritude: "Pois o que se ten que entender é que hai una nova realidade en México e xa non se permite roubar. Iso é todo".

É certo que nos países suramericanos que teñen gobernos de dereitas as multinacionais españolas que operan neses países fan verdadeiros latrocinios, como si seguisen sendo colonias españolas, chegando incluso ao asasinato de sindicalistas e de dirixentes indíxenas que se opoñen aos seus intereses, como seica fixo Unión Fenosa, á que chaman "Unión Perigosa" en Guatemala e á que vinculan co narcotráfico e acusan, segundo "Radio Mundo Real" e varias páxi-

nas de Internet (ver <http://www.radiomundoreal.fm/Union-peligrosa>), de contratar sicarios que asasinaron a varios activistas sindicais nese país, como din que fixeron con Carlos Gálvez, Evelinda Ramírez e outra persoa máis, para sacar o maior beneficio, con unhas liñas e infraestruturas abandonadas e terceiro mundistas.

Para rematar con este roubo, o presidente Mexicano vai nacionalizar esas empresas, pero non fai así o timorato e acovardado cos poderosos, o Presidente do "Goberno mais progresista da historia". Nin o procónsul madrileño da Xunta, que anda abrazando ao lobby eléctrico como o borracho abraza os farois, para que pola porta xiratoria colloquen hoxe aos seus amigos nos Consellos de Administración dos oligopolios e agarda que o coloquen tamén a el o día de mañá. Por iso nin sequera está disposto a recuperar para beneficio do pobo os encoros hidroeléctricos nin os parques eólicos que remataron a adxudicación.

Un exemplo da voracidade descomunal das eléctricas españolas témola ao ver que en Portugal, tendo o mesmo mercado, non afecta tanto a subida da luz, mentres no Estado Español pulverizáronse todos os récords vistos até o de agora, alcanzando un prezo máximo de 288,53/MWh. o pasado 7 de outubro, pero en Portugal as subidas apenas lles afectaron,

porque a súa factura está no mercado libre e aquí a maior parte dos consumidores témola no mercado regulado. Tanto é así que algúns lusos recoñecen que alí non se fala da luz e incluso, non teñen constancia de que subira.

Na Galiza, no ano 2020, a xeración de electricidade só con fontes renovábeis superou o consumo interno, polo que a enerxía que consumimos na nosa terra é producida co mínimo coste, pero pagámola ao máximo. Isto tamén destapa o mentireiro argumento que utilizaba Rajoy de que subía a factura porque non chovía nin facía aire, xa que choiva a brollón ou haxa furacáns, estas compañías do capitalismo salvaxe seguen cobrando o máximo para mellorar as contas de resultados, pois o sistema de determinación do prezo aprobado polo Goberno permítelles cobrárnola coma si se producira toda con carbón ou gas natural, que son as formas mais caras de produción. Algo así como se imos á praza e mercamos touciño, leite, patacas e percebes e temos que pagar todo iso ao prezo dos percebes.

Iso explica porque, no seu desmedido afán de beneficios, nun acto delituoso deixaron os pantanos baixo mínimos, co conseguinte prexuízo para o ecosistema e co fin de cobrar o producido coa auga almacenada a prezo de ouro; delito polo que gañaron cen-

tos de millóns de euros e polo que Feijóo lles impuxo unha multa de 25.000, que é o que gaña nun día o presidente de Iberdrola, Ignacio Sánchez Galán, co que anda continuamente abrazado.

Eles tamén consideran Galiza unha colonia que exportamos carne humana e materias primas, levando os nosos recursos sen ningún beneficio para o noso pobo. Sendo produtores, pagamos a factura mais cara que os que a levan para o centro do imperio e nin sequera temos dereito a unha compensación. Tanto o goberno central coma o da Xunta están contra unha tarifa galega, porque seica sería unha discriminación para o resto do Estado, pasando así a ser nós os discriminados.

Aquí non temos un presidente que

diga que "xa non se permite roubar", senón que mais ben incitan o contrario; aquí tampouco as eléctricas inverten nada, ao igual que en México e no resto da América latina, polo que temos unhas liñas terceiro mundistas e cortes de luz a cada pouco; os mellores vales asolagados por pantanos, os montes cheos de xigantes muíños de vento e liñas de evacuación, que tamén pagamos nós, levan gratuitamente o noso prezado produto para que alimente industrias alleas que crean riqueza noutras terras e que encima non cotizan aquí, senón no paraíso fiscal madrileño.

Penso que xa é hora de dar un golpe na mesa, sen acritude pero con firmeza, esixindo o que é noso, para darnos a respectar e que non se rían de nós.

MAESTRO IMAN

CHAMÁN AFRICANO

ALTA EXPERIENCIA

Puede resolver todo tipo de problemas. Especialista de vida Amorosa, Recuperación de pareja, Impotencia Sexual, Familiares, Mal de Ojo, Hechizos...

SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido

651 44 11 86

DEPORTES

“É un orgullo estar neste cargo, polo que supón representar a Galicia”

David Páez González foi nomeado seleccionador galego masculino sub16

O sarriao conta as súas experiencias como adestrador en diferentes equipos galegos como a Sarriana, o Dépor ou o Rácing Vilalbés, así coma en Andalucía e en China, onde tamén adestrou un tempo.

Cando naceu a súa paixón polo fútbol e por que?

O fútbol sempre foi a miña paixón desde moi neno, onde había un balón alí estaba. Sempre ía ver todos os partidos que podía e sabía o nome de todos os xogadores aínda que non fose fútbol profesional.

Xoguei desde os 8 anos ó fútbol federado e pasei competindo por todas as categorías de fútbol base, pero e tiña moi claro que quería adestrar, e con 15 anos fixen un equipo co nome da empresa dos meus pais onde xuntaba aos meus amigos e competíamos en ligas e torneos provinciais. Incluso chegamos a gañar varios deles. E de feito os

dos, porque en todos eles vivín algún momento do que gardo bos recordos. Da Sarriana destacaríaa a consecución do ascenso histórico a Liga Galega Xuvenil e o ambiente que había naquel equipo, porque a maiores de ser bos futbolistas eran uns rapaces excepcionais. No Rácing Vilalbés estiven en 2 etapas, para min é un club especial, porque alí deixei boas amizades e porque foi a miña primeira experiencia fóra do meu pobo. Ademais, deume a oportunidade de debutar como adestrador na Terceira División. Da Residencia a maiores da consecución do ascenso a Rexional Preferente, destacaríaa o bo trato que recibín a pesar de estar só un ano, porque é un club moi familiar.

Do Calasancio gardo un excelente recordo a nivel persoal, porque é un club cunha gran política organizativa e cunha gran seriedade, onde se respecta ó máximo o traballo. A maiores diso tamén des-

diferenza duns lugares a outros?

Aínda que o fútbol é o deporte maioritario por excelencia na maior parte do mundo e que para a súa práctica ten o mesmo regulamento en todos os lugares, eu opino que en cada sitio se vive de forma moi distinta. Da miña experiencia en Andalucía podo dicir que xeralmente no sur vívese con moita máis paixón que aquí no norte, quizás, principalmente polo factor climatolóxico, porque a xente está mais tempo fóra das súas casas e apoia máis ao deporte en xeral, e sexa cal sexa a categoría, nos estadios sempre hai moita xente. Tamén, maioritariamente, hai unha diferenza significativa no perfil do xogador de fútbol, xa que a nivel de técnica individual ofensiva mostra maiores habilidades debido a que desde moi cativos están todo o día xogando na rúa, feito que en Galicia cada día se ve menos.

En cambio nos países asiáticos, en concreto en China que foi onde estiven eu, destacaríaa que a nivel de implantación de novas tecnoloxías están no primeiro escalafón. Sen embargo, a nivel técnico/táctico quizá aínda lles queda moito camiño que percorrer para estar ao nivel de Europa. A maioría dos xogadores son moito máis anárquicos e entenden o fútbol como algo moi esquematizado e sistemático, e no fútbol, moitas veces, conséguese o éxito a través da orde colectiva pero moitas outras, a través do desorde individual. Ao final, os xogadores non son máquinas, senón que teñen que ter unha liberdade para xogar e así mostrar as súas cualidades innatas. Esta visión do fútbol que teñen en certa medida é debido á cultura asiática que é mas hermetizada e que a práctica de deportes como o fútbol nestes países empezou moitos anos despois que no continente Europeo.

O ano pasado adestrou á selección galega sub14 e clasificouna por primeira vez para a fase final do nacional, como valora esa experiencia?

A experiencia na selección galega sub 14 foi moi positiva. Eu viña de adestrar o Écija na Terceira División e era unha etapa totalmente diferente, xa que empezaba a adestrar rapaces de 13 e 14 anos.



David Páez González, dende o seu lugar como adestrador

Sen embargo, o proceso de adaptación foi rápido. A base de traballar moito e ver moitos partidos, conseguimos de Galicia unha selección invicta e imbatible no Campionato de España, e ao mesmo tempo, foi moi reconfortante ver o crecemento a nivel persoal e deportivo dos xogadores desde o primeiro adestramento ata o último día.

Recentemente foi elixido seleccionador galego masculino sub16, como se sinte e como valora este cargo?

Pois agrázolle moito o Director Deportivo da Real Federación Galega de Fútbol que pensara en min para este cargo, porque é unha xeración ca que xa traballamos hai 2 anos e ca que nos quedou a espiña cravada de non poder xogar a Fase Final do Campionato de España por culpa da pandemia.

Por suposto que para min estar neste cargo é un orgullo, por todo o que supón representar a Galicia, e síntome con moitas ganas de traballar para intentar deixar a nosa selección no máis alto, pero sendo consciente de que é unha gran responsabilidade.

Que é o que destacaríaa do fútbol como deporte?

Sobre todo os valores que aporta a nivel persoal. O traballo en equipo, o esforzo que require para ser profesional, acostumar-se a uns hábitos de vida saudables, a amizade, o compañeirismo, o respecto polos rivais, polos compañeiros, polos árbitros, polo corpo técnico e pola directiva, a disciplina, a igualdade, a supe-

ración, a humildade e a solidariedade. O saber ganar e o saber perder. E sobre todo que che sirva para sentirte identificado con este estilo de vida aportándoches o fútbol diversión e felicidade.

Que obxectivos lle gustaría cumprir a nivel deportivo proximamente?

A miña meta é sempre o mais ambiciosa posible pero sabendo que o máis importante é disfrutar do fútbol, porque para min é imprescindible sentirse cómodo traballando nun sitio e que valoren o teu traballo. E no horizonte máis próximo, pois gustaríame consolidar o Viveiro na Terceira División e conseguir de novo chegar coa Selección Galega á fase final do campionato de España.

Como considera que foi evolucionando a súa carreira deportiva?

O non ser ex futbolista profesional é un condicionante negativo, porque na maioría doa casos óptase por estes perfíles para adestrar. Pero podo dicir que durante estes 13 anos ningún me regalou nada, porque adestrei en todas as categorías do fútbol base e que fun ascendendo pouco a pouco a base de moito traballo. Son dos que opino que é moi importante saber de donde vimos para saber a donde vamos, e para min a traxectoria deportiva de cada un ven marcada polas persoas que van aparecendo no camiño e logo se quedan para a vida, polos aprendizaxes extraídos e polos bos momentos que che aporta un deporte tan magnífico como é o fútbol.



meus mellores amigos a día de hoxe saíron gracias ó fútbol.

Cantos anos leva de adestrador?

Como adestrador levo 13 anos. Empecei a adestrar nos cadetes da SD Sarriana no ano 2008. E na Escola Galega de Adestradores levo 8 anos como profesor.

Despois de pasar por equipos coma a Sarriana, o Rácing Vilalbés, a Residencia, o Calasancio ou o RC Deportivo da Coruña, podería destacar algún en particular?

Cada un coas súas particularidades, pero destacaríaaos a to-

taríaa o ascenso a Liga Nacional Xuvenil e o feito de ser o club que me permitiu desenrolarme profesionalmente como director deportivo. E do RC Deportivo da Coruña solo podo ter palabras de agradecemento, porque coñecín grandes profesionais, porque tiveron a oportunidade de adestrar xogadores de primeiro nivel e polo aprendizaxe extraído de como se traballa nun club profesional de máximo nivel.

Ademais de equipos galegos, tamén estivo en Écija e en China, considera que se vive de forma diferente o fútbol? Existe moita

Primeira derrota para a Sarriana e comeza a liga de afeccionados

A SD Sarriana rompeu a súa xeira de vitorias, despois de caer derrotado contra o Atlético Montañeros no estadio municipal da Grela na sétima xornada da liga de Preferente. O equipo sarriao comezou a liga de forma constante e con cinco vitorias consecutivas, grazas ás cales se situaba de primeiro na clasificación seguido moi de preto polo Atlético Montañeros, equipo co que perdeu. Así pois, na primeira xornada gañou ante o Galicia Mugar dos por dous goles a un, na segunda ao Lemos por dous goles, na terceira por tres goles a cero ante o Ribadeo e na quinta e na sexta por un gol a cero ante a SD Residen-

cia e o San Tirso respectivamente. Unha boa racha que rompeu o equipo que actualmente lidera a clasificación tras non perder ningún partido ata o de agora. Con este resultado no que a Sarriana perdeu por dous goles a un, queda na clasificación na terceira posición con 15 puntos, ao igual que o segundo clasificado, o Betanzos. Un punto por encima atópase o Atlético Montañeros que tan só empatou un partido contra o Betanzos. Desta maneira, o equipo sarriao continúa coa súa loita e co obxectivo de conseguir o ascenso esta tempada á preciada Terceira División nacional.

Este mes tamén deu comezo a competición nas categorías do fútbol afeccionado coa presenza dos habituais equipos da comarca. Así, en Segunda, con tres xornadas disputadas, o Paradela lidera a táboa do grupo 2A en solitario con tres vivorias acumuladas en outras tantos partidos. Xusto por debaixo está o Becerreá, que leva un partido menos e tamén está invicto. No mesmo grupo está O Páramo, que só tivo unha vitoria, e un empate, ademais dunha derrota. Ocupa a cuarta posición da clasificación, a última que dá dereito a entrar no grupo que pelexará polo ascenso na segunda fase.

A patinadora Lucía Rodríguez gaña o campionato galego

A pasada fin de semana, do 16 ao 17 de outubro, o Club de Patinaxe Artístico de Teo organizou a II Fase de categoría rexional A Coruña e Lugo, convocada pola Federación Galega de Patinaxe.

Nela, a patinadora Lucía Rodríguez, pertencente ao Club Anca de Sarria, fíxose coa vitoria na categoría cadete individual deste campionato galego celebrado no Pavillón Municipal Os Tilos, en Santiago de Compostela.

Así mesmo, foi un evento especial xa que foi o primeiro campionato desta disciplina que se levou a cabo con público, co obxectivo de que se comece a voltar á normalidade.

Grazas a isto, a deportista sarriá xa



Patinadoras no campionato

se dispón a preparar as probas de acceso para o campionato de España que se celebrará en febreiro do 2022.

O SD Paradela volve celebrar o día do socio

O sábado 20 de novembro terá lugar o día do socio do SD Paradela no Mercado Gandeiro. Este día contará cunha comida en honor aos socios do club. Para ser socio, o conxunto conta con dúas tarxetas que permiten a entrada ao campo os días de partido.

As tarxetas pódense adquirir por un valor de 30 ou de 50 euros. Para premiar aos socios polo apoio e a axuda o que adquira a tarxeta de 30 euros terá unha comida gratis e, o que adquira a de 50 euros, terá dúas comidas de balde. O club viu

nesta iniciativa unha maneira de incentivar á xente a facerse socia e apoiar ao equipo.

Roberto Sánchez Núñez, presidente do SD Paradela, destaca "é unha forma de facer parroquia e piña na vila de Paradela". As últimas comidas de socios tiveron moito éxito chegando a ser ata 400 asistentes.

Esta comida é a celebración da temporada 2019-2020 que se viu truncada pola pandemia da COVID-19.

A cita dará comezo ás 12.30 horas coa sesión vermou. Ás 14.30 horas terá lugar a comida



e a xornada será amenizada por DJ Cendoy e DJ Min.

O menú inclúe xamón cocido, troitas, churrasco, postre, viño mención, café e chupito.



RALLYE SAN FROILÁN. Rematou o Rallye San Froilán coa entrega de premios, que lles corresponderon a Alberto Meira e Ezequiel Salgueiro. Adrián Díaz, terceiro, e Francisco Dorado, cuarto, foron os primeiros lucenses na clasificación xeral, por detrás de Jorge Pérez, segundo.

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INCIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

O Museo do Pan: Unha viaxe ao pasado

Preto da estación de autobuses de Sarria e da praza da vila e, por tanto, no centro da vila sarriá e en pleno Camiño de Santiago, atópase o museo etnográfico do pan, todo un clásico en Sarria, que recolle historia e tradición gardada ao longo dos anos. Este espazo, aínda que de tamaño medio, está composto por elementos variados que se empregaban antigamente nas panaderías daquela vila, así coma por outros obxectos do século XX. O museo abriuse no ano 2012 para que todas aquelas persoas interesadas neste tipo de cuestións ou para todas aquelas persoas que o desexen e que teñan curiosidade, poidan visítalo e descubrir o pasado a través de obxectos e apeiros antigos.

De feito, a panadería de onde veñen algúns destes elementos leva aberta dende o ano 1876 e, dende aquel momento, incentivouse o feito de conservar e restaurar os obxectos e as diferentes pezas que se poden coñecer no propio museo. Así mesmo e, co paso do tempo, o

museo foise ampliando e fóronse adquirindo novos obxectos que, unidos aos que xa había e á colaboración de veciños e veciñas da vila, logrouse chegar ao punto no que está na actualidade.

En primeiro lugar, o museo comeza coa recreación dunha tenda do século XX na que se poden ver todo tipo de obxectos e que nos transporta ao modo de vida do noso pasado. Neste tipo de tendas, non había unha especialización concreta, polo que a variedade de cousas que se poden atopar é enorme.

Así pois, a continuación, pódese ver outra parte do museo que é onde se recrean as orixes da panadería e onde se pode contemplar toda a maquinaria e os dispositivos que se empregaron ao longo dos anos e que se foron conservando de xeración en xeración.

Aínda que era unha panadería, tamén facían servizo de outros aspectos, coma dos braseiros. De feito, un dos obxectos que se garda é un pote de gran tamaño onde se mantiñan as brasas que posteriormente vendían a clientes coma



Unha mostra en detalle dalgunhas das pezas que garda o museo

unha forma de ter a casa cunha temperatura agradable. Así mesmo, tamén se pode ver un piano antigo, unha gran cantidade de cestas que se conservan en moi bo estado e reloxos, entre outros obxectos con moitos anos dos que, grazas a este museo, podemos gozar e contemplar.

Vendo os diferentes obxectos expostos pódese ver como se elaboraba o pan e facer unha viaxe ao pasado. Así pois, pódese atopar un muíño antigo e o suficientemente grande como para moer a fariña necesaria para facer o pan, un forno que foi empregado durante moitos anos, ferrados, as pas do pan coas que se sacaban os alimentos do forno, unha das primeiras amasadoras que se empregaron nos fornos antigos, etc.

De feito un dos obxectos que chama a atención é unha bicicleta antiga que hai de mostra e que conta na parte dianteira cun caixón de madeira onde se levaba o pan que se ía repartir ás casas na xornada. Antes diso, o pan repartíase en burro ou levábano mulleres en cestas de madeira. Despois, chegou ese tipo de bicicletas que revolucionaron o mundo do reparto e que, neste caso, se empregou ata o ano 1981. Así mesmo, no caixón pódese ver o prezo que tiña anteriormente o pan.

Doutra banda, ademais de pezas que se empregaban de forma habitual, tamén hai obxectos máis pequenos e que teñen un maior interese por ser menos típicos. Este é o caso dun pequeno muíño que conta con dúas pedras para moer e que se poden axustar máis ou menos, dependendo de canto se queiran moer as legumes, o trigo ou o centeo.

A entrada a este museo é totalmente gratuíta e atópase na rúa Matías López. Así mesmo, pódese visitar preguntando na panadería ou contactando cos encargados con anterioridade para comprobar a dispoñibilidade coa que contan. Sen embargo, actualmente, as visitas están suspendidas a causa da situación sanitaria e retomaranse unha vez mellore.

Por outra beira, é un museo cunha boa situación xeográfica para que peregrinos e visitantes de outros lugares do mundo poidan coñecer as costumes e a cultura que existía na vila en tempos pasados.



Interior do local con obxectos que proceden dunha panadería



**LINER ARMADO RENOLIT
ALKORPLAN PARA PISCINAS**
Pida presuposto sen compromiso



**Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC
e láminas asfálticas, de aplicación en:**
Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns

FACEMOS DEPÓSITOS PARA REGADÍO E PARA AUGA POTABLE